



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 440
4 de marzo de 2019



CSV: dgC6xJwD3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 46940) [150428](#)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 47003) [150434](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 47006) [150474](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 47017) [150483](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos na súa sesión do día 1 de marzo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (10/PL-000012)

Examinados os catro escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 46940)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 47003)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 47006)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 47017)

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE REHABILITACIÓN E DE
REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA (NUM. EXPE.
10/PL-000012).**

Emenda nº1, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 7

Modifícase a letra a) do apartado 1, que queda redactada como segue:

"a) Os edificios de uso residencial de vivenda colectiva de máis de 50 anos, agás que a normativa municipal estableza una antigüidade inferior"

Emenda nº2, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 19

Modifícase o apartado 2, que pasa a quedar redactado como segue:

"2. A execución das actuacións no medio urbano que non impliquen transformación urbanística e requiran equidistribución de beneficios e cargas poderá realizarse a través dos réximes de expropiación, venda e substitución forzosas reguladas nesta lei así como das modalidades de xestión, directa ou indirecta, incluído o convenio coas persoas titulares de bens inmoables, que se determinen regulamentariamente."

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 20

Debe engadirse, despois de "...no seu defecto," e antes de "por aplicación do réxime...", o seguinte inciso:

"nos supostos de non avenencia por parte das ditas persoas ou pola súa incomparecencia,"



Emenda nº4, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 44

Débase substituír a actual redacción do apartado 2, pasando a quedar redactado como segue:

"2. Malia o sinalado no apartado anterior, poderán ser obxecto de licenza directa por parte do concello, sen necesidade de autorización da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural, as intervencións no contorno de protección ou na zona de amortecemento de inmobles singulares declarados ben de interese cultural ou catalogados ou con protección ambiental ou estrutural ou nivel de protección asimilable consistentes en actuacións no interior, nas carpinterías exteriores, acabados de fachada ou cambios de cuberta sempre que non afecten aos seus valores culturais nin aos seus elementos especificamente protexidos."

Emenda nº5, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 54

Débase substituír no apartado 1 a expresión "A Comunidade Autónoma de Galicia" por "A Xunta de Galicia".

Emenda nº6, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 63

Debe eliminarse do apartado 1 o inciso ", de forma voluntaria,".

Emenda nº7, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 78

Débase substituír a actual redacción do apartado 1, pasando a quedar redactado como segue:

"1. Mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de vivenda poderán aprobarse programas de financiamento para as persoas físicas, xurídicas ou administracións públicas promotoras das actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas previstas nesta lei, así como as bases reguladoras das ditas axudas con suxeición ao previsto na normativa de subvencións."



Emenda nº8, de Substitución. Artigo 109

Débase substituír a redacción actual do artigo, que pasa a quedar redactado como segue:

"1. A cota tributaria determinarase por aplicación dos seguintes tipos de gravame á base impoñible:

- o 0'6%, para os inmobles que teñan declaración de ruína e
- o 0'4 % para o resto.

2. A cota tributaria incrementarase nun 10 % por ano de permanencia na situación de estado de abandono, sen que poida superar dúas veces o importe inicial."

Emenda nº9, de Adición. Disposición adicional segunda

Débase engadir unha nova disposición adicional terceira, co seguinte contido:

"Disposición Adicional terceira.- Conxuntos históricos e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección

Poderán aprobarse regulamentariamente catálogos de solucións compatibles coa extensión de servizos nos conxuntos históricos e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección, nos que se determinarán o alcance, características e ámbito destas solucións e actuacións vinculadas á extensión de redes de servizos."

Emenda nº10, de Adición. Disposición adicional segunda

Débase engadir unha nova disposición adicional cuarta, co seguinte contido:

"Disposición adicional cuarta. Comisión mixta Xunta de Galicia-Igrexa católica

No marco da comisión mixta Xunta de Galicia- Igrexa católica prevista no artigo 6 de la Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia poderán establecerse acordos de colaboración para a aplicación das medidas incluídas nesta lei que afecten ao seu patrimonio."



Emenda nº11, ao apartado Dous, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Débase substituír a actual redacción do apartado Dous, que pasa a ter o seguinte contido:

"Dous. Modifícase o punto 4 do artigo 158 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactada nos seguintes termos:

«4. Son infraccións leves:

- a) A execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, cando sexan legalizables por seren conformes co ordenamento urbanístico.
- b) O incumprimento das ordes de execución ou demolición.
- c) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter non esencial, en calquera dato ou documento que se achega ou consta na comunicación previa.
- d) A realización de pintadas, graffitis, incisións ou outros actos que causen danos ou deterioracións ou menoscaben o ornato da vía pública, do mobiliario urbano, dos espazos publicitarios ou dos paramentos exteriores das edificacións, construcións e instalacións, incluídos os muros e cerramentos de todo tipo, sempre que non teña o carácter de infracción grave. Non será constitutiva de infracción a realización de murais e graffitis de valor artístico nos espazos públicos que excepcionalmente cedan os concellos para estes efectos, sempre que non prexudiquen o contorno urbano nin a calidade de vida da veciñanza. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza.
- e) O incumprimento do deber de cumprimentar en tempo e forma o Informe de Avaliación dos Edificios
- f) As demais vulneracións do ordenamento urbanístico que non teñan o carácter de infraccións graves ou moi graves.»

Emenda nº12, ao apartado I, de Adición. Exposición de motivos

No parágrafo sexto débese engadir a palabra "posibles" antes de "procesos de xentrificación".



Emenda nº13, ao apartado VII, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituír o actual texto do apartado VII da exposición de motivos, que pasa a ter o seguinte contido:

"A lei inclúe catro disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, e seis disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira, dedicada á adquisición directa de terreos e/ou edificacións polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, recolle a posibilidade de que o Instituto adquira directamente bens inmobles no marco das actuacións previstas na Lei, co obxectivo de axilizar os procesos de rehabilitación edificatoria, rexeneración e renovación urbanas. A disposición adicional segunda, posibilita a aplicación das medidas específicas de fomento e financiamento das áreas Rexurbe a outros ámbitos. A disposición adicional terceira prevé mediadas que faciliten as actuacións vinculadas á extensión de redes de servizos nos conxuntos históricos. A disposición adicional cuarta, recolle a posibilidade de que as medidas de esta lei se podan levar a cabo mediante acordos de colaboración coa Igrexa católica como propietaria de unha boa parte do patrimonio cultural de Galicia.

As disposicións transitorias refírense á homoxeneización de catálogos de protección, ao réxime das áreas de rehabilitación declaradas e ao das oficinas de rehabilitación existentes e, a última, ao Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Termina a Lei con seis disposicións derradeiras entre as que merecen especial atención as tres primeiras que modifican diferentes textos legais vixentes. Así, a primeira disposición derradeira modifica a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no relativo o Rexistro de Soares e a tipificación da infracción pola realización de pintadas, graffitis ou incisións así como polo incumprimento do deber de cumprimentar e tempo e forme o informe de avaliación dos edificios; a segunda, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para estender o réxime de autorizacións previsto no artigo 58 aos bens catalogados con plans especiais de protección aprobados definitivamente e para engadir un dous novos supostos á regulación das infraccións leves e outro ás infraccións graves; a terceira, á Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, no tocante ás actuacións do Instituto Galego da Vivenda e





Solo. A disposición derradeira cuarta habilita á lei de orzamentos para modificar calquera elemento do canon de inmobles declarados en estado de abandono e na entrada en vigor da Lei prevese expresamente que o dito canon comezará a exixirse dende o 1 de xaneiro de 2020."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/02/2019 13:44:35



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA AO PROXECTO DE LEI DE REHABILITACIÓN E DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000012).

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Débase engadir ao remate do artigo o seguinte texto:

"...para asegurar á cidadanía unha axeitada calidade de vida e a efectividade do seu dereito a disfrutar dunha vivenda digna e adecuada.

Asemade ten por obxectivo o incremento do Patrimonio Público de Vivenda e Solo, así como a mobilización da vivenda desocupada."

Emenda nº2, ao apartado a), de Substitución. Artigo 2

Débase substituír o texto da letra a) polo seguinte:

"a) Actuacións edificatorias: as actuacións de nova edificación, de substitución da edificación existente e as de rehabilitación edificatoria sempre que non se trate das actuacións de transformación urbanística definidas no Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aínda que poidan requirir obras complementarias de urbanización."

Emenda nº3, ao apartado j), de Substitución. Artigo 2

Débase substituír o texto da letra j) polo seguinte:

"j) Actuacións sobre o medio urbano: son as actuacións desenvolvidas en solo urbano ou en solo de núcleo rural que teñen por obxecto realizar obras de rehabilitación edificatoria, cando existan situacións de insuficiencia ou degradación dos requisitos básicos de funcionalidade, seguridade e habitabilidade das edificacións, e as de rexeneracións e



renovación urbanas cando afecten, tanto a edificios como a tecidos urbanos, podendo chegar a incluír obras de nova edificación en substitución de edificios previamente demolidos.”

Emenda nº4, ao apartado k), de Substitución. Artigo 2

Débese substituír o texto da letra k) polo seguinte:
“k) Actuacións illadas de rehabilitación: actuacións identificadas como tales pola administración competente, seguindo o procedemento recollido nesta lei, co obxecto de rehabilitar edificacións existentes cando existan situacións de insuficiencia ou degradación dos requisitos básicos de funcionalidade, seguridade e habitabilidade das edificacións.”

Emenda nº5, ao apartado o), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un apartado co seguinte texto:
“o) Edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva: o composto por máis dunha vivenda, sen prexuízo de que poda conter, de maneira simultánea, outros usos distintos do residencial. Con carácter asimilado enténdese incluída nesta tipoloxía, o edificio destinado a ser ocupado ou habitado por un grupo de persoas que, sen constituíren núcleo familiar, compartan servizos e se sometan a un réxime común, tais coma hoteis ou residencias.”

Emenda nº6, ao apartado p), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un apartado co seguinte texto:
“p) Infravivenda: a edificación, ou parte dela, destinada a vivenda, que non cumpre os requisitos de superficie, número, dimensión e características das pezas habitables, ou que presente deficiencias graves nas súas dotacións e instalacións básicas e as que non cumpran os requisitos mínimos de seguridade e accesibilidade universal.”



Emenda nº7, ao apartado q), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"q) Vivenda: A edificación ou espazo pechado e compartimentado dun edificio fixo destinada á aloxamento habitual e residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible nos que a mesma se sitúe e os anexos vinculados a ela, se ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade, seguridade e funcionalidade idóneas e cumpre a función social de achegar ás persoas e/ou unidades familiares que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación en réxime de total autonomía."

Emenda nº8, ao apartado r), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"r) Vivenda baleira: aquela que, en condicións legais e materiais para poder ser ocupada como uso residencial privado e non afecta a actividade económica, permaneza en situación de desocupada de forma continuada durante un tempo superior a 22 meses, alternos ou continuos, nun período de dous anos, salvo que o suxeito pasivo poida motivadamente xustificar a súa non ocupación, por razóns laborais, de conciliación familiar, de saúde, dependencia, emerxencia social, e de acordo cos requisitos, medios de proba e procedemento que estableza a Ordenanza municipal correspondente. En todo caso, a declaración municipal como vivenda desocupada esixirá a previa audiencia do suxeito pasivo e a acreditación polo IGVS dos indicios de desocupación, a definir regulamentariamente, dentro dos cales poderán figurar os relativos aos datos do padrón municipal así como os consumos de servizos (auga, electricidade, etc.)."

Emenda nº9, ao apartado s), de Adición. Artigo 2





Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"s) Vivenda en alugueiro alcanzable: A vivenda pola que a persoa arrendataria satisfai unha renda inferior á que fixa para esta finalidade a orde da consellería competente en materia de vivenda que establece os prezos máximos das vivendas con protección oficial e outras disposicións relativas ao Plan para o dereito á vivenda, respecto a cada un dos municipios de forte e acreditada demanda de vivenda. A estes efectos terase en conta o disposto no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en alugueiro.

A renda fixada pola devandita orde debe ser, en calquera caso, un 25 % inferior á de mercado. O prazo do contrato en alugueiro alcanzable debe ser de 5 anos como mínimo. "

Emenda nº10, ao apartado t), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"t) Grupo de sociedades: o conxunto de sociedades no que unha das sociedades ten ou pode ter, directa ou indirectamente, o control doutra ou doutras, nos termos do artigo 42 do Código de comercio."

Emenda nº11, ao apartado u), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"u) Grupo fiscal: O conxunto de sociedades anónimas, limitadas e comanditarias por accións, e as entidades de crédito ás que se refire o artigo 67.3 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, residentes no territorio español, formado por unha sociedade dominante e todas as sociedades que dependen dela."

Emenda nº12, ao apartado 2.i), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:





“i) Fomento do uso sustentable do patrimonio edificado, propiciando o seu uso intensivo e incentivando a rehabilitación fronte á obra nova.”

Emenda nº13, ao apartado 2.j), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

“j) Fomento do aluguer e mobilización da vivenda baleira.”

Emenda nº14, ao apartado 2.k), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

“k) A equidade de xénero no uso do espazo urbano e dos equipamentos.”

Emenda nº15, ao apartado 1, de Adición. Artigo 4

Débese engadir, ao inicio do apartado 1 o seguinte texto:

“1. Sen prexuízo do disposto no artigo 135 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, ../...”

Emenda nº16, ao apartado 2, de Adición. Artigo 4

Débese engadir, ao final do apartado 2 o seguinte texto:

“...e polo artigo 14 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.”

Emenda nº17, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír o texto da apartado 3 polo seguinte:

“3. O incumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación habilitará á Administración municipal, e nos casos previstos nesta lei á Administración autonómica, para a





execución subsidiaria das obras ou labores pertinentes, así como para a aplicación do réxime de venda ou substitución forzosas ou expropiación por incumprimento da función social da propiedade, sen prexuízo doutras medidas que se conteñan na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.”

Emenda nº19, de Adición. Artigo 4 ter)

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 4 ter. Sociedades urbanísticas de rehabilitación

1. Os concellos poderán constituír sociedades urbanísticas de xestión ou de rehabilitación para a execución das medidas, accións e intervencións en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana do patrimonio edificado, o que poderán realizar tamén co resto das administracións públicas.

2. A encomenda da xestión correspondente á execución do planeamento pormenorizado para a xestión da rehabilitación de edificios ou rexeneración urbana poderá ser total ou parcialmente adxudicada directamente a estas sociedades urbanísticas de rehabilitación ou xestión sen necesidade de licitación pública ningunha. Esta encomenda conlevará a condición de beneficiaria da expropiación a favor da sociedade urbanística, así como a subrogación desta nas facultades da Administración para a realización das operacións materiais da execución.

3. En todo caso, o concello ostentará a participación maioritaria e exercerá o control efectivo da sociedade urbanística.”

Emenda nº18, de Adición. Artigo 4 bis)

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 4 bis. Actuacións de iniciativa pública no medio urbano.

Nas actuacións de iniciativa pública no medio urbano, a Administración resolverá se executa as obras directamente ou se procede á súa adxudicación por medio da convocatoria dun concurso público, en cuxo caso, as bases determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación e a porcentaxe mínimo de teito edificado que se atribuirá aos propietarios do inmovible obxecto da substitución forzosa, en réxime de propiedade horizontal. Nos ditos concursos poderán presentar ofertas calquera persoas físicas ou xurídicas, interesadas en





asumir a xestión da actuación, incluíndo os propietarios que formen parte do correspondente ámbito. Para estes efectos, estes deberán constituír previamente unha asociación administrativa que se rexerá polo disposto na normativa urbanística, en relación con las Entidades Urbanísticas de Conservación. A adxudicación do concurso terá en conta, con carácter preferente, aquelas ofertas que propoñan termos adecuadamente vantaxosos para os propietarios afectados e aquelas que produzan un maior beneficio para a colectividade no seu conxunto e propoñan obras de eliminación das situacións de infravivenda, de cumprimento do deber legal de conservación, de garantía da accesibilidade universal, ou de mellora da eficiencia enerxética."

Emenda nº20, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 10

Débase substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. A administración da comunidade autónoma creará un Rexistro de Informes de Avaliación de Edificios, no que os concellos deberán rexistrar os informes que se lle presenten no seu termino municipal."

Emenda nº21, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 12

Débase substituír o texto do primeiro parágrafo polo seguinte:

"4. O procedemento para a aprobación da delimitación do ámbito de actuación garantirá, en todo caso, a notificación individualizada aos titulares catastrais e o trámite de información pública por un prazo mínimo dun mes a través da correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. O acordo de aprobación conterà, ademais, como mínimo, os extremos seguintes:"

Emenda nº22, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 13

Débase substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:





"1. A delimitación espacial do ámbito de actuación sobre o medio urbano, sexa conxunta ou illada, unha vez firme en vía administrativa, marca o inicio das actuacións a realizar, de conformidade coa forma de xestión pola que optase a administración actuante.

Esta delimitación habilita, de ser o caso, ao inicio do procedemento de equidistribución de beneficios e cargas entre as parcelas afectadas e comporta a declaración da utilidade pública

ou, no seu caso, o interese social, para os efectos da aplicación dos réximes de expropiación, venda e substitución forzosas dos bens e dereitos necesarios para a súa execución, e a súa suxeición aos dereitos de tanteo e retracto a favor da Administración actuante, ademais daqueles outros que expresamente se deriven do disposto na lexislación aplicable.

A dita declaración poderase estender aos terreos precisos para conectar a actuación de urbanización coas redes xerais de servizos, cando sexa necesario."

Emenda nº23, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 13

Débase substituír o texto do primeiro paragrafo do apartado, polo seguinte:

"2. Será posible ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo, tales como vestíbulos, descansadoiros, sobrecubertas, beirís e soportais, tanto se sitúan no solo, como no subsolo ou no voo, cando non resulte viable tecnicamente ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público. En calquera caso deberán contar previamente coa autorización do organismo competente en materia de patrimonio cultural."

Emenda nº24, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 13

Débase suprimir este apartado.



Emenda nº25, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir este apartado.

Emenda nº26, de Adición. Artigo 13 bis)

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 13 Bis. Dereito de tenteo e retracto.

1. O municipio remitirá ao Rexistro da Propiedade copia certificada dos planos que reflicten a delimitación e relación detallada das rúas ou ámbitos delimitados e dos propietarios e bens concretos afectados, mediante traslado de copia do acordo de delimitación.

2. Os propietarios de bens afectados por estas delimitacións deberán de notificar ao municipio a decisión de allealos, con expresión do prezo e forma de pago proxectados e restantes condicións esenciais da transmisión, para os efectos do posible exercicio do dereito de tenteo, durante un prazo de sesenta días naturais, a contar desde o seguinte ao da notificación.

Os efectos da notificación para o exercicio do dereito de tenteo caducarán aos tres meses seguintes á mesma. A transmisión realizada transcorrido este prazo entenderase efectuada sen dita notificación, para os efectos do exercicio do dereito de retracto.

3. O municipio poderá exercitar o dereito de retracto cando non se realizase a notificación prevista no número 2 deste artigo, se omitisen na mesma calquera dos requisitos esixidos ou resultase inferior o prezo efectivo da transmisión ou menos onerosas as restantes condicións desta.

Este dereito exercitarase no prazo de sesenta días naturais a contar desde o seguinte ao da notificación da transmisión efectuada, que o adquirente deberá facer, en todo caso, ao municipio mediante entrega de copia da escritura ou documento en que se formalizase.

4. O dereito de retracto ao que se refire esta Lei terá carácter preferente a calquera outro.

5. Non poderán inscribirse no Rexistro da Propiedade as transmisións efectuadas sobre os inmobles incluídos na delimitacións, se non aparece acreditada a realización das notificacións previstas neste artigo.”



Emenda nº27, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir o apartado 2

Emenda nº28, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 15

Débese substituír o texto do apartado polo seguinte:

"1. As actuacións de rehabilitación edificatoria e as de rexeneración e renovación urbanas planificaranse mediante un plan xeral de ordenación municipal, un plan especial de protección e reforma interior ou calquera outro dos instrumentos previstos nesta lei."

Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº30, ao apartado 4, de Adición. Artigo 15

Débese engadir ao final do apartado o seguinte texto:

Emenda nº31, ao apartado 5.a), de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o texto da letra a)

Emenda nº32, ao apartado 6, de Substitución. Artigo 15

Débese substituír o texto do apartado polo seguinte:

"6. Os plans especiais que afecten a ámbitos de protección patrimonial poderán modificar as determinacións e o ámbito definido no plan xeral para incluír nel os terreos ou edificacións



destinadas a paliar o déficit de aparcadoiros, equipamentos ou dotacións públicos, existentes no ámbito, sen suxeitarse aos trámites que para a alteración dos plans xerais.”

Emenda nº33, ao apartado 7, de Adición. Artigo 15

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"7. Memoria de viabilidade económica A ordenación e execución das actuacións de rehabilitación e rexeneración requirirán a realización, con carácter previo, dunha memoria que asegure a súa viabilidade económica, en termos de rendibilidade, de adecuación aos límites do deber legal de conservación e dun adecuado equilibrio entre os beneficios e as cargas derivados da mesma, para os propietarios incluídos no seu ámbito de actuación e conterà, polo menos, os seguintes elementos: a) Un estudo comparado dos parámetros urbanísticos existentes e, no seu caso, dos propostos, con identificación das determinacións urbanísticas básicas referidas a edificabilidade, usos e tipoloxías edificatorias e redes públicas que habería que modificar. A memoria analizará, en concreto, as modificacións sobre incremento de edificabilidade ou densidade, ou introdución de novos usos, así como a posible utilización do chan, voo e subsolo de forma diferenciada, para lograr un maior achegamento ao equilibrio económico, á rendibilidade da operación e á non superación dos límites do deber legal de conservación. b) As determinacións económicas básicas relativas aos valores de repercusión de cada uso urbanístico proposto, estimación do importe do investimento, incluíndo, tanto as axudas públicas, directas e indirectas, como as indemnizacións correspondentes, así como a identificación do suxeito ou suxeitos responsables do deber de custear as redes públicas. c) A análise do investimento que poida atraer a actuación e a xustificación de que a mesma é capaz de xerar ingresos suficientes para financiar a maior parte do custo da transformación física proposta, garantindo o menor impacto posible no patrimonio persoal dos particulares, medido en calquera caso, dentro dos límites do deber legal de conservación. A análise referida no parágrafo anterior fará constar, no seu caso, a posible participación de empresas de rehabilitación ou prestadoras de servizos enerxéticos, de abastecemento de auga, ou de telecomunicacións, cando asuman o compromiso de integrarse na xestión, mediante o financiamento de parte da mesma, ou da rede de





infraestruturas que lles competa, así como o financiamento da operación por medio de aforros amortizables no tempo. d) O horizonte temporal que, no seu caso, sexa preciso para garantir a amortización dos investimentos e o financiamento da operación. e) A avaliación da capacidade pública necesaria para asegurar o financiamento e o mantemento das redes públicas que deban ser financiadas pola Administración, así como o seu impacto nas correspondentes Facenda Pública."

Emenda nº34, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 16

Débase substituír o texto da letra a) polo seguinte:

"a) Que a superficie da modificación non supere os cinco mil metros cadrados."

Emenda nº35, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 16

Débase substituír o texto da letra b) polo seguinte:

"b) Que non afecten a unha superficie superior ao equivalente ao 0,5% do solo urbano do municipio. Nos municipios de menos de 5.000 habitantes esta porcentaxe será do 1,5%."

Emenda nº36, ao apartado 3, de Adición. Artigo 16

Débase engadir ao final do apartado o seguinte texto:

"Tampouco poden considerarse modificacións puntuais non substanciais, aquelas que impliquen un aumento de edificabilidade ou cambios de uso que podan xerar plusvalías."

Emenda nº37, de Substitución. Artigo 17

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"As modificacións puntuais indicadas no artigo anterior estarán sometidas a avaliación ambiental estratéxica simplificada, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental."



Emenda nº38, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 19

Débase substituír o texto do apartado polo seguinte:

“1. A xestión das actuacións no medio urbano que impliquen transformación urbanística executaranse a través de calquera dos sistemas de actuación previstos na Lei do solo de Galicia. Para estes efectos, enténdese por actuacións de transformación urbanística as definidas no artigo 7.1 do Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo R.D.L. 7/2015, do 30 de outubro.”

Emenda nº39, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 19

Débase substituír o texto do apartado polo seguinte:

“2. A execución das actuacións no medio urbano que non impliquen transformación urbanística e requiran equidistribución de beneficios e cargas poderá realizarse a través dos réximes de expropiación, venda e substitución forzosas reguladas nesta lei.”

Emenda nº40, de Adición. Artrigo 19 bis)

Débase engadir un novo artigo co seguinte contido:

“Artigo 19 bis. Dereitos de realoxo e retorno.

1. Na execución das actuacións de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas que requiran o desaloxo dos ocupantes legais de inmobles que constitúan a súa residencia habitual, deberán garantir o dereito de aqueles ao realoxamento:

a) A administración expropiante ou, se é o caso, a persoa beneficiaria da expropiación, cando se actúe por expropiación. Para estes efectos, deberán poñer a disposición de aqueles vivendas nas condicións de venda ou aluguer vixentes para as vivendas sometidas a algún réxime de protección pública e superficie adecuada as súas necesidades, dentro dos límites establecidos pola lexislación protectora. A entrega da vivenda de reemprazo, no réxime en que se viñese ocupando a expropiada, equivalerá ao abono do xusto prezo expropiatorio, agás que o expropiado ou expropiada opte por percibilo en metálico, en cuxo caso non terá dereito de realoxo.

b) O promotor da actuación, cando se actúe mediante ámbitos de xestión conxunta, mediante procedementos non expropiatorios. Nestes casos, o promotor deberá garantir o





realoxamento, nas condicións que estableza a lexislación aplicable.

2. Cando se actúe de maneira illada e non corresponda aplicar a expropiación, as persoas arrendatarias que a consecuencia das obras de rehabilitación ou demolición non podan facer uso das vivendas alugadas terán o dereito a un aloxamento provisional, así como a retornar cando sexa posible, sendo ambos dereitos exercitables fronte ao dono da nova edificación, e polo tempo que reste ata a finalización do contrato.

Para facer efectivo o dereito de retorno, o propietario ou propietaria da finca deberá proporcionar unha nova vivenda, cuxa superficie non sexa inferior ao 50 % da anterior e sempre que teña polo menos 90 metros cadrados, ou non inferior á que tivese se non alcanzaba a citada superficie, de características análogas a aquela e que estea localizada no mesmo solar ou no contorno do edificio demolido ou rehabilitado.

3. O dereito de realoxamento é persoal e intransferible, agás no caso dos herdeiros forzosos ou do cónxuxe supérstite, sempre e cando acrediten que compartían co titular, en termos de residencia habitual, a vivenda obxecto do realoxo.

4. Todo procedemento de realoxamento respectará, polo menos, as seguintes normas procedimentais comúns:

a) A administración actuante identificará aos ocupantes legais aos que fai referencia o número 1 deste artigo, mediante calquera medio admitido en dereito, e lles notificará a inclusión do inmovible na correspondente actuación, outorgándolles un trámite de audiencia.

b) Durante o trámite de audiencia ou de información pública, as persoas interesadas, ademais de acreditar que cumpren os requisitos legais necesarios para ser titulares do dereito de realoxamento, poderán solicitar o recoñecemento do citado dereito ou renunciar ao seu exercicio. A ausencia de contestación non impedirá á Administración continuar o procedemento.

c) Despois de finalizado o trámite previsto na letra anterior, a Administración aprobará o listado definitivo das persoas que teñen dereito a realoxamento e o notificará aos afectados.

d) Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, poderá recoñecerse o dereito de realoxamento doutras persoas que, con posterioridade ao momento correspondente, acrediten que reúnen os requisitos legais para ter o citado dereito.

5. Para facer efectivo o dereito de realoxamento será preciso ofrecer unha vivenda por cada unha das vivendas afectadas pola actuación, ben no mesmo ámbito de actuación, ou, se non é posible, o máis próximo a el. Cando non sexa materialmente posible ofrecer dita vivenda, os titulares do dereito de realoxamento terán dereito ao seu equivalente económico.



A vivenda de substitución terá unha superficie adecuada ás necesidades do titular do dereito de realoxamento en iguais condicións ás previstas no número 2 deste artigo e, no caso de que este fose unha persoa con mobilidade reducida, será unha vivenda accesible e acorde ás súas necesidades de mobilidade.

6. O recoñecemento do dereito de realoxamento é independente do dereito a percibir a indemnización que corresponda, cando se extingan dereitos preexistentes, agás o disposto na letra a) do número 1 deste artigo.”

Emenda nº41, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 20

Débese suprimir o apartado 2.

Emenda nº42, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 20

Débese suprimir o apartado 3.

Emenda nº43, de Supresión. Artigo 25

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº44, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 26

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:
“1. O procedemento para a declaración de incumprimento das obrigas relativas á edificación, conservación e rehabilitación poderá iniciarse de oficio.”

Emenda nº45, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 34

Débese substituír o texto do apartado 4 polo seguinte:
“4. Cando a administración actuante asuma o importe das cantidades imputables a aquelas persoas propietarias de





vivendas que non poidan facer fronte ao seu pago por caer en risco de exclusión social, subscribírase un convenio entre a administración actuante e a persoa propietaria, no que quedará reflectida a fórmula de devolución das cantidades asumidas no proceso de substitución e o tipo de xuro aplicable ás cantidades aprazadas.”

Emenda nº46, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 36

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

“1. O concello, no prazo máximo de 6 meses desde a declaración de incumprimento, sacará os inmobles ou terreos a poxa pública. O tipo de licitación será o que resulte da valoración do inmovible. O prezo obtido entregarase á persoa propietaria, unha vez deducidos os gastos ocasionados e, de ser o caso, o importe das multas e sancións aplicables.”

Emenda nº47, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir no apartado 2 a seguinte expresión:

"De quedar esta tamén deserta, convocarase unha nova poxa, no prazo de tres meses, cunha rebaixa do cincuenta por cento sobre o tipo de licitación inicial."

Emenda nº48, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 36

Débese substituír neste apartado a seguinte expresión:

Onde di: "50%" debe dicir: "25%"

Emenda nº49, de Adición. Artigo 37

Débese engadir ao remate do artigo o seguinte texto:

"Adicalo para uso propio ou alugueiro."

Emenda nº50, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 40





Débese suprimir este apartado.

Emenda nº51, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 40

Débese suprimir este apartado.

Emenda nº52, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 41

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

“1. Nos edificios con nivel de protección ambiental ou con outro nivel de protección asimilable, cando o cumprimento da normativa de protección do patrimonio cultural fíxese imposible a adaptación ás condicións mínimas de accesibilidade, habitabilidade ou eficiencia enerxética, buscaranse solucións alternativas sustentables e respectuosas coas características do edificio, que permitan a rehabilitación das vivendas coas condicións mínimas de accesibilidade e confort, de xeito que prevaleza o uso residencial. Neste suposto, será necesario obter a previa autorización da Consellería competente en materia de patrimonio cultural, e o cumprimento da normativa que dispoñan as fichas do catálogo.”

Emenda nº53, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 41

Débese suprimir este apartado.

Emenda nº54, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 42

Débese suprimir este apartado.

Emenda nº55, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 43

Débese suprimir a letra c) do apartado 1.

Emenda nº56, ao apartado 2, de Adición. Artigo 48



Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
“2. Os inmobles incluídos nas áreas de intervención do medio urbano declaradas pola Administración autonómica, quedarán suxeitos aos dereitos de tanteo e retracto a favor do Concello e do IGVS, nos termos establecidos no artigo 13 bis desta lei.”

Emenda nº57, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 49

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
“1 bis. A solicitude de declaración das áreas de rehabilitación integral deberá someterse ao trámite de información público polo prazo mínimo dun mes, mediante a publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia.
A resolución de declaración da área de rehabilitación integral deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia.”

Emenda nº58, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 55

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
“1 bis. A solicitude de declaración das áreas Rexurbe deberá someterse ao trámite de información público polo prazo mínimo dun mes, mediante a publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia.
A resolución de declaración da área Rexurbe deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia.”

Emenda nº59, de Supresión. Artigo 57

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº60, ao apartado 2.b) bis), de Adición. Artigo 60

Débese engadir no apartado 2 unha nova letra co seguinte texto:





“2.b) bis. O IGVS someterá o plan de dinamización ao trámite de información pública polo prazo mínimo dun mes, mediante anuncio que será publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.”

Emenda nº61, ao apartado 3, de Adición. Artigo 62

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"3. A declaración dun núcleo rural en estado de abandono conlevará a elaboración coordinada entre a Xunta de Galicia e o Concello, dun plan de dinamización do núcleo rural que inclúa aspectos económicos, sociais, déficit de servizos públicos e arquitectónicos."

Emenda nº62, ao apartado 4, de Adición. Artigo 63

Débese engadir despois da expresión "...de venda" o seguinte texto: "ou aluguer"

Emenda nº63, de Substitución. Artigo 64

Débese substituír o título deste artigo.
Onde di: "Procedemento de venda"
Debe dicir: "Procedemento de venda ou aluguer."

Emenda nº64, ao apartado 1, de Adición. Artigo 64

Débese engadir no primeiro paragrafo o seguinte texto:
Onde di: "procedemento para a venda"
Debe dicir: "procedemento para a venda ou aluguer"

Emenda nº65, ao apartado 2, de Adición. Artigo 64

Débese engadir neste apartado, o seguinte texto:
Onde di: "formalicen a venda"
Debe dicir: "formalicen a venda ou aluguer"



Emenda nº66, ao apartado 1, de Adición. Artigo 70

Débese engadir ao remate do apartado a seguinte expresión:
"e fomento do aluguer."

Emenda nº67, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 72

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:
"Os centros Rexurbe crearanse polo concello."

Emenda nº68, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 72

Débese substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:
"2. Os centros Rexurbe poderán asumir aquelas funcións que, sendo competencia do propio concello ou doutras administracións, se acorde que poidan ser desenvolvidas por estes centros co fin de simplificar e axilizar a tramitación administrativa e mellorar a atención ao cidadán. En todo caso, estes centros deberán contar cos medios humanos e materiais suficientes para asumir estas funcións. Nestes casos, os obxectivos, competencias, regulación e funcionamento das devanditas oficinas concretarase mediante a sinatura do correspondente convenio de colaboración."

Emenda nº69, ao apartado 8.a), de Supresión. Artigo 75

Débese suprimir a letra a) do apartado 8.

Emenda nº70, ao apartado 14, de Adición. Artigo 75

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"14. O fomento do aluguer social."

Emenda nº71, ao apartado 15, de Adición. Artigo 75



Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"15. Implementar medidas de mobilización da vivenda baleira."

Emenda nº72, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 76

Débese substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:
"2. A Comisión de Seguimento estará formada por:
- Dous representantes da Administración autonómica.
- Dous representantes do Concello.
- Dous representantes dos propietarios afectados.
- Dous representantes de entidades e colectivos sociais sen ánimo de lucro que participen activamente na dinamización social, cultural, económica, ambiental da área Rexurbe.
A Comisión estará presidida polo alcalde ou concelleiro no que delegue."

Emenda nº73, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 77

Débese suprimir a letra b) do apartado 1.

Emenda nº74, de Substitución. Artigo 79

Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:
"Artigo 79. O Concello e o IGVS, para facilitar a xestión e execución das actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas, poderán asinar os seguintes contratos:

- a) Contrato de cesión de inmobles para a súa rehabilitación pola Administración coa facultade de arrendamento ou outorgamento de dereito de explotación a terceiras persoas, por un tempo determinado, transcorrido o cal, o inmovible reverterá á persoa propietaria, podendo establecerse opcións de compra a favor do organismo.
- b) Contrato de permuta ou cesión de terreos ou de parte da edificación suxeita a rehabilitación por determinada edificación futura, ou de venda con pagamento aprazado do prezo do solo e/ou a edificación.





- c) Contrato de arrendamento ou cesión de uso de local, vivenda ou calquera outro elemento dun edificio por prazo determinado a cambio do pago pola persoa arrendataria ou cesionaria de todos ou dalgún dos seguintes conceptos: impostos, taxas, cotas á comunidade ou agrupación de comunidades de propietarios/as ou da cooperativa, gastos de conservación e obras de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- d) Convenio de explotación conxunta ou de parte do inmovible."
-

Emenda nº75, de Substitución. Artigo 80

Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 80.

1. O Concello e o IGVS, conxunta ou individualmente, poderán asinar convenios de colaboración con outras administracións públicas, con outras entidades do sector público autonómico e con fundacións e entidades sen ánimo de lucro, para a implantación conxunta de programas de financiamento das actuacións de reforma, mellora ou rehabilitación de edificios, vivendas e locais.

2. Así mesmo, poderán asinar convenios coas entidades financeiras co obxecto de incentivar a concesión de financiamento para as actuacións de rehabilitación."

Emenda nº76, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 82

Débese engadir ao remate da letra c) a seguinte expresión:

"...para alugueiro social."

Emenda nº77, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 84

Débese engadir ao remate da letra a) a seguinte expresión:

"...para alugueiro social."



Emenda nº78, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 85

Débese engadir ao remate da letra a) a seguinte expresión:
"...para incrementar o parque público de alugueiro social."

Emenda nº79, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 86

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:
"1. O Concello e o IGVS poderán adquirir terreos e/ou edificacións no ámbito das áreas Rexurbe para a súa edificación e/ou rehabilitación directa pola Administración pública."

Emenda nº80, de Substitución. Artigo 88

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá establecer"
Debe dicir: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo establecerá"

Emenda nº81, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 89

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá aprobar"
Debe dicir: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo aprobará"

Emenda nº82, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 89

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "Así mesmo, tamén se poderán aprobar"
Debe dicir: "Así mesmo, aprobaráanse"

Emenda nº83, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 91

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "Poderanse establecer ..."
Debe dicir: "Estableceráanse..."



Emenda nº84, de Substitución. Artigo 94

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "...poderán prever..."

Debe dicir: "preveranse"

Emenda nº85, ao apartado 7, de Adición. Artigo 97

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"7. A aplicación do Fondo Rexurbe para financiamento de proxectos de intervención integral irá ligada a un Plan de Fomento do Aluguer."

Emenda nº86, ao apartado 8, de Adición. Artigo 97

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"8. Aquelas vivendas beneficiadas por axudas e subvencións do Fondo Rexurbe estarán obrigadas a devolver as axudas ou subvencións recibidas no caso de que despois de tres anos do remate das obras, sexan consideradas vivendas desocupadas sen causa xustificada en concordancia co exposto nesta lei na definición de Vivenda Desocupada."

Emenda nº87, de Substitución. Artigo 99

Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Créase o canon de inmobles declarados en estado de abandono como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, con natureza de imposto, de carácter real e finalidade extrafiscal, que somete a gravame aos inmobles declarados en estado de abandono nos ámbitos nos que estea declarada un área de intervención do medio urbano."

Emenda nº88, de Substitución. Artigo 100



Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:

“O canon de inmobles en estado de abandono ten como finalidade impulsar as actuacións de rehabilitación nas áreas de intervención do medio urbano e evitar o estado de abandono das edificacións existentes nestas áreas, reducindo consecuentemente o número de inmobles en estado de abandono.”

Emenda nº89, de Substitución. Artigo 101

Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:

“O canon de inmobles declarados en estado de abandono aplicarase no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia no que estea declarada un área Rexurbe ou un área de rehabilitación integral.”

Emenda nº90, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 102

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

“1. Os ingresos efectivamente obtidos pola recadación deste tributo, deducidos os custos de xestión, destinaranse a financiar as actuacións e medidas de dinamización e protección da área Rexurbe ou da área de rehabilitación integral na que se recaden.”

Emenda nº91, de Substitución. Artigo 106

Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:

“Constitúe o feito impoñible do canon de inmobles declarados en estado de abandono ter declarado un inmovle en estado de abandono nun área Rexurbe ou nun área de rehabilitación integral.”





Emenda nº92, de Adición. Disposición adicional terceira

Débase engadir unha nova Disposición adicional co seguinte texto:

"Disposición adicional terceira. Engádesse un Título IV na Lei 8/2012 de 29 de xuño, de vivenda de Galiza, para a creación dun imposto sobre as vivendas desocupadas de Galiza.

Artigo 116. Natureza e obxecto.

O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galicia, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de xeito permanente.

Artigo 117. Ámbito territorial de aplicación.

O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galicia.

Artigo 118. Afectación.

O imposto sobre as vivendas baleiras ten carácter finalista. Os ingresos que derivan del quedan afectados ao financiamento das actuacións protexidas polos plans de vivenda, sen prexuízo do establecido pola disposición adicional primeira, e priorizar que os recursos se destinen aos municipios onde se obtiveron estes ingresos.

Artigo 119. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, xa que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Artigo 120. Definicións.

Para o efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: A edificación ou espazo pechado e compartimentado dun edificio fixo destinada á aloxamento habitual e residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible nos que a mesma se sitúa e os anexos vinculados a ela, se ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade, seguridade e funcionalidade idóneas e cumpre a función social de achegar ás persoas e/ou unidades familiares que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación en réxime de total autonomía.

b) Vivenda baleira: A vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante de máis de dous anos.

c) Vivenda en alugueiro alcanzable: A vivenda pola que a persoa arrendataria satisfai unha renda inferior á que fixa para





esta finalidade a orde da consellería competente en materia de vivenda que establece os prezos máximos das vivendas con protección oficial e outras disposicións relativas ao Plan para o dereito á vivenda, respecto a cada un dos municipios de forte e acreditada demanda de vivenda. A estes efectos terase en conta o disposto no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en alugueiro.

A renda fixada pola devandita orde debe ser, en calquera caso, un 25 % inferior á de mercado. O prazo do contrato en alugueiro alcanzable debe ser de 5 anos como mínimo.

d) Grupo de sociedades: o conxunto de sociedades no que unha das sociedades ten ou pode ter, directa ou indirectamente, o control doutra ou doutras, nos termos do artigo 42 do Código de comercio.

e) Grupo fiscal: O conxunto de sociedades anónimas, limitadas e comanditarias por accións, e as entidades de crédito ás que se refire o artigo 67.3 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, residentes no territorio español, formado por unha sociedade dominante e todas as sociedades que dependen dela.

f) Infravivenda: a edificación ou parte dela destinada a vivenda, que non reúne as condicións mínimas esixidas pola lexislación aplicable. Non reúnen as condicións as vivendas que incumpren os requisitos de superficie, número, dimensión e características das pezas habitables, as que teñan deficiencias graves nas dotacións e instalacións básicas e as que non cumpran os requisitos mínimos de seguridade, accesibilidade universal e habitabilidade esixibles á edificación.

Artigo 121. Ocupación da vivenda.

Acredítase que unha vivenda está ocupada se a propietaria dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e que se xustifique documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Artigo 122. Cómputo do período de dous anos.

1. O cómputo do período de dous anos iníciase a partir da data na que a vivenda está a disposición da propietaria para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo fose titular da vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir dos tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.





3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

Artigo 123. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda.

Para o efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que concirne á súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar, de acordo coa definición do artigo 3 da Lei 8/2012 de 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director/a de obra ou director/a da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente. Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras se iniciaron durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se preveu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente con acreditación documental por parte da persoa propietaria.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo no últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Artigo 124. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos. Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Porén, no establecido polo apartado 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o



régime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigacións formais derivadas desta tributación regularanse por vía regulamentaria.

Artigo 125. Exencións.

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector da rede de vivendas de inserción que regula o Plan para o dereito á vivenda e as entidades inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais de Galicia (RUEPSS), salvo aquelas entidades nas que existan fins lucrativos.

2. Quedan exentos do imposto as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente, se a súa desocupación comporta a aplicación dos mecanismos sancionadores regulados pola Lei 8/2012.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada, de acordo co establecido polo Plan territorial sectorial de vivenda.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, conveniadas coas administracións públicas, para ser destinadas a programas en aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que as persoas titulares podan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, que satisfíxeron os tributos correspondentes á actividade desenvolta e que declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

e) As vivendas que xustifiquen o pago do recargo do IBI por ser catalogada como vivenda desocupada ou calquer outra taxa ou imposto municipal, polo mesmo concepto.

Artigo 126. Base imponible.

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que é titular o suxeito pasivo na data de deveción do imposto.

2. Se se optou pola tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas no grupo fiscal ou grupo de sociedades.





Artigo 127. Cota íntegra.

A cota íntegra do imposto sobre as vivendas baleiras obtense de aplicar á base imponible os tipos de gravame da seguinte escala:

á base imponible os tipos de gravame da seguinte escala:

<i>Base imponible ata(nº m2)</i>	Cota íntegra (euros)	Resto base imponible (nº m2)	Tipo aplicable (euros/metro2)
0	0	5000	8,0
5000	40000	20000	12,0
20000	220000	40000	18,0
40000	580000	En diante	25,0

Artigo 128. Cota líquida. Bonificacións.

- Os suxeitos pasivos que destinan parte do seu parque de vivendas ao aluguer alcanzable, directamente ou mediante a Administración ou entidades do terceiro sector, poden aplicar unha bonificación na cota, na porcentaxe que indica a seguinte táboa, segundo a cociente de vivendas destinadas a aluguer alcanzable en municipios de Galicia de forte e acreditada demanda, sobre o total de vivendas baleiras suxeitas ao imposto.





Porcentaxe de vivendas destinadas a alugueiro alcanzable	Bonificación %
Do 5% ao 10%	10
Máis do 10% e ata o 25%	30
Máis do 25% e ata o 40%	50
Máis do 40%	75
Máis do 67%	100

2. Para o efecto da bonificación regulada polo presente artigo tamén computan as vivendas nas que, a pesar de que a renda pactada sexa superior á sinalada polo artigo 5. c, os arrendatarios satisfán efectivamente unha cantidade inferior ou equivalente a un alugueiro alcanzable, consecuencia de que unha parte do prezo está subvencionada polo suxeito pasivo ou por unha entidade do grupo ao que pertence.

3. Para que a bonificación sexa aplicable, as vivendas serán validadas como vivendas alcanzables pola Axencia da Vivenda de Galicia, e debe garantirse que as persoas arrendatarias perciban uns ingresos inferiores aos establecidos para acceder a unha vivenda de protección oficial.

4. Aplícanse as mesmas bonificacións que as establecidas polo apartado 1 no caso de que o suxeito pasivo destine parte do parque das vivendas a sistemas de propiedade compartida, tenencia intermedia ou sistemas de propiedades temporais, recollidos pola normativa de Galicia, nos mesmos porcentaxes establecidas polos programas de vivenda alcanzable. No caso de que esta bonificación concorra coa de programas de vivenda alcanzable, para os efectos de cálculo da correspondente bonificación deben sumarse as vivendas destinadas a ambos os programas.

Artigo 129. Deveño.





O imposto sobre as vivendas baleiras devéñase o 31 de decembro de cada ano e afecta o parque de vivendas do que é titular o suxeito pasivo na devandita data.

Artigo 130. Autoliquidación.

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre as vivendas baleiras están obrigados a presentar a autoliquidación do imposto e a efectuar o seu correspondente ingreso dentro do prazo establecido por regulamento.

2. O modelo de autoliquidación debe aprobarse por orde da consellería do departamento competente en materia tributaria, no prazo dun mes para contar desde a aprobación do regulamento.

Artigo 131. Xestión, recadación e inspección.

A xestión, recadación e inspección do imposto sobre as vivendas baleiras corresponde á Axencia Tributaria de Galicia, de acordo co disposto pola Lei da Axencia Tributaria de Galicia, sen prexuízo da colaboración cos órganos do departamento competente en materia de vivenda con funcións de inspección e control sobre o parque de vivendas.

Artigo 132. Infraccións e sancións.

O réxime de infraccións e sancións en materia do imposto sobre as vivendas baleiras é o vixente para os tributos propios da Xeneralidade, sen prexuízo das sancións administrativas establecidas pola Lei 18/2007, do 28 de decembro, do dereito á vivenda.

Artigo 133. Recursos e reclamacións.

Contra os actos de xestión, liquidación, inspección e recadación ditados no ámbito do imposto sobre as vivendas baleiras, pode interpoñerse recurso de reposición potestativo ou reclamación económico-administrativa ante a Xunta de Finanzas.

Disposición adicional primeira. Compensación a favor dos concellos.

1. A partir da data na que o Estado realizase o desenvolvemento regulamentario ao que se refire o artigo 72.4 do texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e os concellos poidan establecer a recarga sobre o imposto sobre bens inmobles, a Xunta debe adoptar as medidas compensatorias ou de coordinación pertinentes a favor dos concellos que efectivamente aprobasen a devandita recarga nas ordenanzas municipais.

2. As medidas compensatorias ou de coordinación ás que se refire o apartado 1 deben axustarse aos seguintes termos:

a) Deben referirse ás vivendas baleiras situadas no correspondente municipio que fosen efectivamente gravadas polo imposto establecido pola presente lei, e deben ter en





conta o importe da recarga sobre o imposto sobre bens inmobles que gravaría ditas vivendas.

b) Deben ter carácter anual e deben ser adoptadas despois da acreditación dos importes da recarga do imposto sobre bens inmobles que correspondería aplicar a estas vivendas no ano natural en que se ha devengado o imposto.

c) Debe establecerse por regulamento o seu procedemento, termos e condicións.

Disposición adicional segunda. Comisión de seguimento.

No marco do Pacto nacional para o dereito á vivenda, debe constituírse unha comisión de seguimento para avaliar o impacto da presente lei, na que teñen que estar representados: a Administración da Xunta e a Administración local, os consumidores e usuarios, o Consello Nacional da Mocidade de Galicia, os axentes sociais, sindicais e empresariais, as asociacións veciñais e os axentes vinculados ao sector da vivenda e as organizacións sen ánimo de lucro que se dedican principalmente ao fomento do dereito á vivenda de colectivos desfavorecidos.

Disposición transitoria primeira. Rendas máximas do aluguer alcanzable.

Mentres non se establezan, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de vivenda, as rendas máximas que poden satisfacerse para poder ser consideradas aluguer alcanzable para o efecto das bonificacións da cota do imposto sobre as vivendas baleiras, establecidas polo artigo 13, as rendas máximas son as seguintes:

a) Se a vivenda está nun municipio de forte e acreditada demanda da zona xeográfica A de acordo co Decreto 75/2014, do 27 de maio, do Plan para o dereito á vivenda: 400 euros mensuais.

b) Se a vivenda está nun municipio de forte e acreditada demanda da zona xeográfica B de acordo co Decreto 75/2014, do 27 de maio, do Plan para o dereito á vivenda: 300 euros mensuais.

Disposición transitoria segunda. Municipios nos que é aplicable o imposto ata a delimitación dos ámbitos de escasa demanda acreditada polo Plan territorial sectorial de vivenda.

1. Os ámbitos de escasa demanda acreditada aos que se refire o artigo 10.2. b teñen que ser determinados polo Plan territorial sectorial de vivenda, que debe ser aprobado antes do 31 de decembro de 2015.

2. Mentres o Plan territorial sectorial de vivenda non delimite os ámbitos de escasa demanda acreditada, o imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable en todos os municipios de Galicia.

3. Se posteriormente ao 31 de decembro de 2015 non se aprobou o Plan territorial sectorial de Vivenda, o departamento





competente en materia de vivenda, no marco do Pacto nacional para o dereito á vivenda, terá que revisar a listaxe dos municipios afectados por este imposto co obxectivo de reduci-lo en función das necesidades actualizadas.

Disposición modificativa primeira. Gravame de protección civil. Modifícanse os apartados 2 e 3 do artigo 59 da Lei 4/1997, do 20 de maio, de protección civil de Galicia, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2015, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. Para todos e cada un dos puntos do apartado 1 e, dentro de cada punto, para cada un dos elementos patrimoniais situados en termos municipais distintos, a cota para ingresar resulta da aplicación do tipo impositivo á base imponible determinada para cada instalación ou rede. En calquera caso, a cantidade máxima para ingresar por cada instalación ou rede non pode superar o 0,1 % da facturación da devandita instalación ou rede, e o importe para ingresar non pode superar en ningún caso os 128.577 euros para cada actividade.

3. Se as empresas sometidas ao gravame están afectadas por un plan especial de protección civil expresamente destinado aos riscos que poidan derivarse, a cantidade do gravame resulta da aplicación do 0,1 % da facturación da instalación ou rede, e o importe para ingresar non pode superar en ningún caso os 128.577 euros para cada actividade. Na elaboración dos plans especiais deben ser escoitadas as empresas afectadas. O resto de empresas sometidas ao gravame, entre as que se atopan as afectadas polo artigo 7 do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo e, ao mesmo tempo, non afectadas polo artigo 9 do mencionado Real decreto, deben seguir o réxime de cuantificación establecido polo apartado 1.»

Disposición modificativa segunda. Tributación sobre o xogo. Taxa fiscal sobre loterías, tómbolas e combinacións aleatorias.

1. Modifícase o apartado 1 do artigo 13 da Lei 21/2005, do 29 de decembro, de medidas financeiras, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A base imponible das apostas está constituída polo importe total dos billetes ou resgardos de participación vendidos, sexa cal for o medio polo que se realice. Con todo, para as apostas hípcas e sobre acontecementos deportivos, de competición ou doutro carácter previamente determinado, a base imponible está constituída pola diferenza entre a suma total das cantidades apostadas e o importe dos premios obtidos polos participantes no xogo. Cando a autorización permita o desenvolvemento do xogo de forma continuada no tempo, para o cálculo da mencionada diferenza debe terse en conta o total das cantidades apostadas e dos premios obtidos por todos os



acontecementos respecto a os que se celebraron as apostas durante o trimestre natural.»

2. Engádese un novo artigo, o 13 quater, á Lei 21/2005, do 29 de decembro, de medidas financeiras, co seguinte texto:

«Artigo 13 quater. Deveño da taxa sobre loterías, tómbolas e combinacións aleatorias.

1. Nas apostas, a taxa devéñase no momento no que se inicia a súa celebración ou organización. Con todo, se a autorización permite o desenvolvemento do xogo de forma continuada no tempo, no primeiro ano o deveño coincide coa data da autorización, e nos anos subseguintes co 1 de xaneiro de cada ano natural. Nestes casos, os suxeitos pasivos deben autoliquidar de forma acumulada as operacións levadas a cabo durante o período ao que se refire a correspondente autoliquidación establecida por regulamento.

2. Nas loterías, tómbolas e combinacións aleatorias a taxa devéñase no momento de concesión da correspondente autorización. A falta de autorización, a taxa devéñase cando leva a cabo a lotería, a tómbola ou a combinación aleatoria, sen prexuízo das responsabilidades que poidan ser esixidas por aplicación da correspondente normativa.

3. No caso das combinacións aleatorias ás que se refire a disposición adicional primeira da Lei do Estado 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a taxa devéñase cando se inicia a súa celebración ou organización.»

Disposición modificativa terceira. Adecuación do réxime de infraccións e sancións da Lei 18/2007.

Engádese unha nova letra, a j), ao apartado 1 do artigo 124 da Lei 18/2007, do 28 de decembro, do dereito á vivenda, co seguinte texto:

« j) Incumprir a obrigaición do titular de vivendas baleiras de comunicar á Axencia da Vivenda de Galicia o número e a relación de vivendas desocupadas en Galicia.»

Disposición modificativa cuarta. Imposto sobre a emisión de gases e partículas á atmosfera producida pola industria.

1. Modifícase a letra b) do artigo 17 da Lei 12/2014, do 10 de outubro, do imposto sobre a emisión de óxidos de nitróxeno á atmosfera producida pola aviación comercial, do imposto sobre a emisión de gases e partículas á atmosfera producida pola industria e do imposto sobre a produción de enerxía eléctrica de orixe nuclear, que queda redactada do seguinte modo:

« b) Unha bonificación do 10 % do investimento efectuado no período impositivo en bens do activo material destinados á protección do medio ambiente, sempre que comporte unha mellora das esixencias establecidas pola normativa e que





estean incluídas en programas, convenios ou acordos coa administración competente en materia de medio ambiente. Dan dereito á bonificación, para os efectos do establecido polo presente artigo, os investimentos asociados a evitar a contaminación atmosférica nos seguintes ámbitos, sempre que sexan certificadas pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e que o importe máximo da bonificación non supere o 15 % da cota íntegra:

- 1.º Tratamento ou redución das emisións á atmosfera.
- 2.º Cambios de combustible por combustibles máis limpos.
- 3.º Pavimentación para evitar emisións difusas.
- 4.º Cambio nos procesos co fin de reducir as emisións á atmosfera.»

Disposición modificativa quinta. Modificación da Lei 3/2012, de modificación do texto refundido da Lei de urbanismo.

Modifícase o apartado 3 da disposición transitoria primeira da Lei 3/2012, do 22 de febreiro, de modificación do texto refundido da Lei de urbanismo, aprobado polo Decreto legislativo 1/2010, do 3 de agosto, que queda redactado do seguinte modo:

«3. O prazo máximo de prórroga das licenzas de obras ás que se refiren os apartados 1 e 2 é o 31 de decembro de 2016.»

Disposición final primeira. Normativa supletoria.

Na aplicación do imposto sobre as vivendas baleiras rexe supletoriamente a Lei xeral tributaria e as normas complementarias que a desenvolven.

Disposición final segunda. Desenvolvemento regulamentario.

1. Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar a presente lei.
2. Debe establecerse, por vía regulamentaria, o réxime xurídico respecto a os supostos de non inscrición da vivenda desocupada no Rexistro de vivendas baleiras e vivendas ocupadas sen título habilitante, e debe tipificarse a infracción administrativa pertinente pola non inscrición da vivenda desocupada no devandito rexistro, así como a persoa ou entidade responsable e a natureza e contía das sancións.

Disposición final terceira. Entrada en vigor.

A presente lei entra en vigor ao día seguinte da súa publicación."

Emenda nº93, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débase suprimir esta Disposición transitoria primeira.



Emenda nº94, ao apartado Un, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Débase modificar o número Un que queda redactado como segue:

“Un. Modifícase o artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

“Artigo 137. Rexistro de Soares.

1. Os municipios poderán crear un Rexistro de Soares, no que se incluírán os soares sen edificar e as edificacións declaradas en ruína, logo de que se constatase que transcorreran os prazos para cumprir o deber de edificar.

2. A inscrición no Rexistro de Soares será comunicada pola administración actuante ao rexistro da propiedade.

3. Nos concellos nos que exista Rexistro de Soares será de aplicación o disposto nos artigos 138, 139 e 140 desta lei.”

Emenda nº95, ao apartado Un.ter, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir un novo número Un ter) co seguinte texto:

“Un ter). Engadese un novo artigo 141 Bis na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactado como segue:

“Artigo 141 Bis. Efectos da declaración de ruína.

1. A declaración de ruína respecto a un edificio non catalogado, nin obxecto dun procedemento de catalogación, determina para o seu dono a obrigação de rehabilitalo ou demolelo, á súa elección.

2. Se a situación de ruína se declara respecto a un edificio catalogado, ou obxecto do procedemento de catalogación, o propietario deberá adoptar as medidas urxentes e imprescindibles para mantelo en condicións de seguridade. A administración poderá concertar co propietario a súa rehabilitación. En defecto de acordo, poderá delimitar un ámbito de actuación illada no medio urbano e será de aplicación o disposto na Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia.”



Emenda nº96, ao apartado Un bis), de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir un novo número Un bis) co seguinte texto:

“Un Bis). Modifícase o número 2 do artigo 134 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

“2. O alleamento ou a permuta dos bens do patrimonio público do solo da Administración autonómica ou local realizarase, por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, na forma establecida na lexislación reguladora dos patrimonios das administracións públicas. O alleamento ou a permuta de terreos destinados a uso residencial ou de vivendas farase por concurso público. No prego de condicións determinarase, como mínimo, o seguinte:

- a) Prazos máximos de edificación e, se é o caso, de rehabilitación.
- b) Prezos finais máximos de venda ou alugamento das futuras edificacións.
- c) Condicións que impidan posteriores alleamentos por prezo superior ao de adquisición.
- d) Índices de referencia para a actualización dos prezos sinalados nas letras b) e c) anteriores.

Se o concurso quedase deserto, poderá allearse directamente dentro do prazo máximo dun ano, nas mesmas condicións.”

Emenda nº97, ao apartado Dous, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débase suprimir o texto do número Dous, mantendo a redacción actual do artigo 96 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia.

Emenda nº98, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débase suprimir esta Disposición derradeira cuarta.





Emenda nº99, de Adición. Disposición derradeira quinta bis)
Aprobación dun texto refundido

Débese engadir unha nova Disposición derradeira quinta bis)
co seguinte texto:

“Disposición derradeira quinta bis). Aprobación dun texto
refundido.

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para aprobar, no
prazo de doce meses a partir da entrada en vigor desta lei, o
Texto Refundido no que se integren, debidamente
regularizadas, aclaradas e harmonizadas, esta lei, a Lei
2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e a Lei 3/2016, do
1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de
urxencia ou de excepcional interese.”

Emenda nº100, ao apartado I, de Adición. Exposición de
motivos

Débese engadir ao inicio do apartado o seguinte texto:

“A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto no
artigo 27.3 do seu Estatuto

de autonomía, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6
de abril, ten a competencia exclusiva en materia de ordenación
do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

O exercicio da competencia urbanística iniciouse na nosa
Comunidade Autónoma coa

Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da Lei do solo a
Galicia, e continuouse coa

Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e
protección do medio rural

de Galicia, supuxo por vez primeira o exercicio pleno pola
Comunidade Autónoma galega das competencias en materia
de urbanismo constitucionalmente atribuídas, de conformidade
coa doutrina do Tribunal Constitucional. Durante a vixencia
desta lei promulgáronse unha sucesión de leis que modificaron
o texto legal inicialmente aprobado.

Recentemente promulgouse a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do
solo de Galicia, que regula a materia de urbanismo, sendo
modificada posteriormente polas sucesivas Leis de
acompañamento dos orzamentos da Comunidade Autónoma
dos anos 2017, 2018 e 2019.





A Lei 2/2016, responde a un modelo obsoleto de urbanismo centrado na expansión urbana e na liberalización do solo, que cómpre substituír por outro modelo alineado coa Axenda Urbana para a Unión Europea e baseada na rexeneración integral da cidade existente, na rehabilitación das edificacións e do patrimonio construído, na programación da acción pública, na adaptación ao cambio climático e a transición enerxética.”

Emenda nº101, ao apartado VI, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao remate do apartado, o seguinte texto:
"As medidas de financiamento público irán ligadas, prioritariamente, ao fomento do aluguer social e á mobilización da vivenda baleira."

Emenda nº102, ao apartado VII, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao remate do segundo paragrafo do apartado o seguinte texto:
"A Disposición adicional segunda, engade un novo título á Lei 8/2012 de vivenda de Galiza, para a creación do Imposto sobre as vivendas baleiras"

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/02/2019 16:58:20



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE REHABILITACIÓN E
DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000012).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Substituír o texto do artigo 1 polo seguinte:

"Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente lei ten por obxecto regular a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovacións urbanas en Galiza, con especial incidencia da conservación e mellora dos conxuntos históricos, dos núcleos rurais e do patrimonio edificado, na habitabilidade das vivendas, na accesibilidade das vivendas e dos espazos públicos, na renovación urbana con perspectiva de xénero, na modernización tecnolóxica, na cohesión social e na dinamización económica."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 2

Engadir no artigo 2 os seguintes puntos:

"o) vulnerabilidade urbana: risco potencial de que unha determinada poboación sufra situacións de exclusión por motivos sociais, laborais e residenciais
p) urbanismo con perspectiva de xénero: planificación e xestión de actuacións no medio urbano que teñen como obxectivo a integración, a participación e a intervención das mulleres en pé de igualdade."

Emenda nº3, ao apartado 2, de Adición. Artigo 3

Engadir no apartado 2 do artigo 3 os seguintes subapartados:



- "i) A perspectiva de xénero.
k) A integración de persoas e colectivos en risco de exclusión."
-

Emenda nº4, ao apartado 2.f), de Modificación. Artigo 12

Nova redacción do subapartado f) do punto 2 do artigo 12:

"f) Sempre que sexa posíbel deberase garantir a permanencia das persoas ocupantes nas vivendas durante a actuación; en todo caso, asegúrase o dereito de realoxo e retorno, especialmente cando aquelas de atopan en situación de vulnerabilidade económica e social, situación que se acreditará mediante procedemento regrado."

Emenda nº5, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 13

Supresión no segundo paragrafo do apartado 1 do artigo 13 o seguinte texto: "ademais daqueles outros que expresamente se deriven do disposto na lexislación aplicábel".

Emenda nº6, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

Engadir no apartado 2 do artigo 13 o seguinte texto:

"En todo caso, calquera modificación sobre ámbitos de especial protección (conxuntos históricos ou núcleos de interese etnográfico ou rural) deberá realizarse unicamente através das figuras de planeamento previstas na lei do patrimonio cultural e da lei do solo."

Emenda nº7, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 13

Suprimir o apartado 5 do artigo 13.



Emenda nº8, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 19

Suprimir o apartado 2 do artigo 19.

Emenda nº9, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 20

Suprimir o apartado 2 do artigo 20.

Emenda nº10, de Substitución. Artigo 40

Substituír o texto do artigo 40 polo seguinte:

"As intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección rexeranse polos procedementos fixados na Lei de Patrimonio Cultural e na normativa que o desenvolve, nomeadamente na Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos d protección e as zonas de amortecemento.

Estas determinacións terán validez para os edificios con protección ambiental, edificios con protección estrutural e para o parcelario."

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 41

Suprimir o artigo 41.

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 42

Suprimir o artigo 42.

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 43



Suprimir o artigo 43.

Emenda nº14, de Substitución. Artigo 44

Substituír o texto do artigo 44 polo seguinte:

"Artigo 44. Licenzas directas

Para a concesión de licenzas directas seguirase o procedemento establecido na Lei do patrimonio cultural e na normativa que o desenvolve, nomeadamente o establecido na Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento."

Emenda nº15, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 45

Substituír o texto do apartado 1 do artigo 45 polo seguinte:

"45.1 Regulamentariamente, no prazo máximo de 6 meses, aprobarase un modelo de plan especial de protección que deberá servir de guía para a redacción dos plans especiais de protección."

Emenda nº16, ao apartado 1, de Adición. Artigo 49

Engadir ao final do punto 1 do artigo 49 o seguinte texto:

"Para a declaración establecerase un procedemento de avaliación a partir de criterios obxectivos que teñan en conta as necesidades de actuación de rehabilitación e rexeneración."

Emenda nº17, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 50

Engadir un no apartado 1 do artigo 50 un novo subapartado d) co seguinte texto:



"d) ARI supramunicipais, cando o seu ámbito afecte a diferentes municipios."

Emenda nº18, de Adición. Artigo 52

Engadir no artigo 52 o seguinte texto ao final:

"Esta figura poderá desenvolverse de maneira singular no caso de espazos naturais protexidos, nomeadamente no Parque das Illas Atlánticas."

Emenda nº19, ao apartado 4, de Adición. Artigo 54

Engadir un punto 4 co seguinte texto:

"4. Para a declaración de área Rexurbe establecerase un procedemento de avaliación a partir de criterios obxectivos que teñan en conta as necesidades de actuación de rehabilitación e rexeneración."

Emenda nº20, ao apartado 3, de Adición. Artigo 58

Engadir un novo punto 3 no artigo 58 co seguinte texto:

"3. A consellaría competente en materia de vivenda elaborará un modelo de Plan de dinamización para que sirva como guía para a redacción do mesmo."

Emenda nº21, ao apartado 1, de Adición. Artigo 59

Engadir ao final do texto do apartado 1 do artigo 59 os seguintes subapartados:

"g) Programa de seguimento e avaliación anual das actuacións.



h) Mecanismos para fomentar a participación social da poboación e das entidades representativas desta."

Emenda nº22, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 70

Substituír o texto do apartado 2 do artigo 70 polo seguinte:

"2. Por Orde da consellaría competente en materia de vivenda deberán determinarse os estándares mínimos dos medios materiais e humanos así como os criterios, requisitos e solvencia técnica que deben cumprir os centros Rexurbe."

Emenda nº23, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 75

Suprimir o apartado 7 do artigo 75.

Emenda nº24, ao apartado 12 bis), de Adición. Artigo 75

Engadir un novo apartado que pasa a ser o 12 bis) no artigo 75 co seguinte texto:

"12. bis) A elaboración das propostas ou dos informes relativos á mellora da sustentabilidade e da eficiencia enerxética."

Emenda nº25, ao apartado 12 ter), de Adición. Artigo 75

Engadir un novo apartado 12 ter) no artigo 75 co seguinte texto:

"12. ter) A elaboración das propostas ou dos informes relativos á aplicación da perspectiva de xénero."

Emenda nº26, ao apartado 12 quater), de Adición. Artigo 75





Engadir un novo apartado 12 quater no artigo 75 co seguinte texto:

"12. quater) A elaboración das propostas ou dos informes relativos á aplicación de criterios sociais e ambientais."

Emenda nº27, de Modificación. Artigo 76

Substituír o título do artigo 76 polo seguinte texto:

"Artigo 76. Comisión técnica de seguimento"

Emenda nº28, de Adición. 76 bis)

Engadir un novo artigo 76 bis) co seguinte texto:

"76 bis) Comisión de participación social
Crearase unha comisión de participación social para articular a participación das entidades representativas do ámbito da área Rexurbe."

Emenda nº29, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 77

Suprimir o subapartado b) do apartado 1 do artigo 77.

Emenda nº30, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 84

No punto 1 a) do artigo 84, engadir "con especial atención á perspectiva de xénero".

Emenda nº31, ao apartado 2, de Adición. Artigo 84

Engadir no apartado 2 do artigo 84 os seguintes subapartados:





- "k) O fomento do acceso á vivenda por parte de poboación xove (menores de 35 anos).
l) Iniciativas de fomento do emprego no aido dos servizos culturais e a innovación tecnolóxica.
m) Iniciativas de fomento do emprego por parte de poboación xove (menores de 35 anos).
n) Iniciativas de fomento do emprego por parte de mulleres.
o) Iniciativas de integración sociolaboral de persoas con discapacidade."
-

Emenda nº32, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 89

Substituír no punto 1 do artigo 89 "poderá" por "deberá".

Emenda nº33, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 89

Substituír no apartado 2 do artigo 89 "poderán" por "deberán".

Emenda nº34, de Modificación. Artigo 95

Substituír no artigo 95 "poderán" por "deberán".

Emenda nº35, de Supresión. CAPÍTULO III

Suprimir o Capítulo III do Título IV.

Emenda nº36, ao apartado 4, de Adición. Artigo 121

Engadir un novo apartado 4 no artigo 121 co seguinte texto:

"4. A Xunta de Galiza poderá crear a marca "aldeas rurais galegas" para promocionar as aldeas e núcleos rurais recuperados, na súa dimensión ambiental, educativa e turística. Neste espazos levaranse a cabo accións de voluntariado para





fomentar a participación da mocidade na recuperación de aldeas abandonadas."

Emenda nº37, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Suprimir a Disposición transitoria primeira.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2019 17:26:24

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2019 17:26:29



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE REHABILITACIÓN E
DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000012).**

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

Débese modificar o título do proxecto de lei que quedará redactado co seguinte contido:
"Proxecto de lei de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación dos espazos urbanísticos de Galicia."

Emenda nº2, ao apartado 2.d, de Adición. Artigo 3

Débese engadir na alínea d) do punto 2 do artigo 3 a seguinte expresión:
Logo de: "...diversidade...", engadir: "...igualdade..."

Emenda nº3, ao apartado 2.h bis), de Adición. Artigo 3

Débese engadir no punto 2 do artigo 3 unha nova alínea h), que quedará redactada co seguinte contido:
"h *bis*) Acadar a máxima garantía posible para a accesibilidade en condicións de igualdade de todas as persoas, sexan cales sexan as súas limitacións e o carácter permanente ou transitorio destas, propiciando a supresión ou diminución de barreiras arquitectónicas, urbanísticas ou de comunicación."

Emenda nº4, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo punto 2 no artigo 3, que quedará redactado co seguinte contido:
"2 *bis*. "A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a realización de programas cara ao aumento da





concienciación e sensibilidade respecto ós valores do patrimonio construído así como da consecución de espazos dotados cunha maior calidade urbanística, tal que favoreza a concienciación sobre a situación de deterioro de moitos inmobles ou ámbitos, tanto urbanos como rurais, e na busca dunhas solucións eficientes e sostibles, nun modelo participativo que se dirixirá preferentemente ás persoas en idade escolar."

Emenda nº5, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 5

Débase engadir no artigo 5 un novo punto, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis*. Para aqueles concellos ou grupos de concellos que non contén cos recursos necesarios para levar a cabo o establecido no punto anterior, a Administración autonómica colaborará en poñer a súa disposición os medios suficientes para poder dar cumprimento a tal obriga."

Emenda nº6, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 5

Débase engadir no artigo 5 un novo punto, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *ter*. Os concellos poderán requirir dos propietarios os informes técnicos resultantes das inspeccións periódicas e, no caso de comprobar que estas non foran realizadas, ordenar a súa práctica ou realízalas en substitución e a costa das persoas obrigadas, excepto que estas estean en situación de vulnerabilidade social ou falla de recursos económicos suficientes."

Emenda nº7, ao apartado 1.e bis), de Adición. Artigo 6

Débase engadir no punto 1 do artigo 6 unha nova alínea, que quedará redactada co seguinte contido:

"e *bis*) Identificación actual da situación urbanística."



Emenda nº8, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 6 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...En todo caso previamente a súa aprobación deberase ter en conta o conxunto das ordenanzas municipais existentes ao respecto da avaliación da edificación en orde a acadar unha correcta coordinación interadministrativa."

Emenda nº9, ao apartado 2, de Adición. Artigo 7

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 7 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...e de acordo ao establecido ao artigo 8.2 desta lei."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Adición. Artigo 10

Débese engadir no punto 2 do artigo 10 a seguinte palabra:
Engadir, despois de: "...disposición...", a palabra: "...gratuíta...".

Emenda nº11, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 10

Débese engadir un novo punto no artigo 10, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. A Xunta de Galicia realizará e manterá actualizado unha base estatística ao respecto das IAE e as súas principais características (número, localización, réxime xurídico das propiedades, usos, estado das inspeccións, etc), as cales serán públicas a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo, facilitando os instrumentos necesarios que permitan a súa informatización e a información de datos sobre os diversos aspectos do patrimonio inmobiliario da Comunidade Autónoma."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 11

Débese modificar o punto 2 do artigo 11, que quedará redactado co seguinte contido:





"2. A dirección do proceso, tanto nos supostos de iniciativa pública como privada, correspóndelles ás administracións públicas ou entidades adscritas a elas."

Emenda nº13, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 11

Débese engadir un novo punto no artigo 11, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis*. O Concello establecerá, se é o seu caso, a porcentaxe de propiedade mínima necesaria para a consideración da iniciativa en relación ás alíneas c), d) e) e f) do punto1 deste artigo."

Emenda nº14, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

Débese engadir no punto 1 do artigo 12 o seguinte contido:

Logo de: "...delimite o ámbito de actuación...", engadir: "...coa fixación de cuestións como superficie construída preexistente ou a superficie de solo..."

Emenda nº15, ao apartado 2.a, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir na alínea a) do punto 2 no artigo 12 a seguinte palabra:

Suprimir: "...exclusivamente..."

Emenda nº16, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir no punto 4 do artigo 12 o seguinte contido:

Suprimir: "...cando este sexa preceptivo..."

Emenda nº17, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 13

Débese modificar no segundo parágrafo do punto 2 do artigo 13 o seguinte contido:

Onde di: "...dos efectos previstos no artigo 42.3 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, lexitima...",



debe dicir: "...dos efectos previstos no artigo 42.3 do Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

Débase engadir ao final do primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 13 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...Así como que non se deteriorenen ou menoscaben os valores culturais do edificio ou os elementos arquitectónicos que definen a tipoloxía do mesmo. En todo caso se deberá contar con informe municipal no que se acredite que o solo se use en congruencia coa utilidade pública e función social da propiedade, garantindo o cumprimento das obrigas e cargas legalmente establecidas e de xeito coordinado co resto da lexislación vixente aplicable."

Emenda nº19, ao apartado 3.d bis), de Adición. Artigo 13

Débase engadir unha nova alínea no punto 3 do artigo 13, que quedará redactada co seguinte contido:

"d bis) A realización de obras de nova planta ou obras de ampliación (nos solares baleiros ou naquelas edificacións existentes que aínda non acadaron as plantas e fondo permitidas polo planeamento urbanístico de aplicación) favorecendo a utilización de materiais locais e de baixa enerxía incorporada como alternativa aos modelos construtivos convencionais, altamente contaminantes e de baixa eficiencia enerxética (baseados en tecnoloxía de aceiro e de formigón armado), a partir do emprego de novos sistemas construtivos que reduzan significativamente a pegada de carbono e aumenten a eficiencia enerxética das edificacións existentes (por exemplo como os baseados na alta tecnoloxía da madeira)."

Emenda nº20, ao apartado 3.d ter), de Adición. Artigo 13

Débase engadir unha nova alínea no punto 3 do artigo 13, que quedará redactada co seguinte contido:





"d *ter*) A realización de obras no interior das edificacións ou das vivendas, nos seus espazos comúns, nos ámbitos de parcela restante ou nas cubertas de uso colectivo que favorezan o incremento do reciclaxe e re utilización de calquera auga consumida ou recollida no propio ámbito cara a optimización do ciclo da auga."

Emenda nº21, ao apartado 3.d quater), de Adición. Artigo 13

Débese engadir unha nova alínea no punto 3 do artigo 13, que quedará redactada co seguinte contido:

"d *quater*) O favorecemento de instalacións colectivas, naqueles ámbitos do substrato edificado existente nos que se determine, de solucións de cubertas axardinadas, fachadas vexetais e/ou solucións de "agricultura urbana en altura" cubrindo fachadas e terrazas de edificios seleccionados, tanto cara a produción de alimentos a nivel individual como cara a conseguir aspectos ornamentais da edificación con efectos sobre a absorción de carbono, a mellora do illamento térmico, o aforro enerxético e a mellora do índice de saturación urbana."

Emenda nº22, ao apartado 3.d quinquies), de Adición. Artigo 13

Débese engadir unha nova alínea no punto 3 do artigo 13, que quedará redactada co seguinte contido:

"d *quinquies*) As obras destinadas a incrementar o nivel e amplitude do reciclaxe a nivel individual e a nivel das comunidades de veciños como poden ser a instalación de composteiros, sistemas colectivos de pre-reciclaxe, etc".

Emenda nº23, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 13

Débese modificar no punto 4 do artigo 13 o seguinte contido:

Onde di: "Nos edificios, de uso residencial, protexidos polo seu valor cultural...", debe dicir: "Nos edificios, sexa cal sexa o seu uso, protexidos polo seu valor cultural...".

Emenda nº24, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 14





Débese modificar o punto 2 do artigo 14, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. No territorio histórico dos Camiños de Santiago, para aqueles edificios localizados que non contén con protección cultural específica, a Administración, de acordo ao Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago e as directrices establecidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, poderá establecer que lles sexa de aplicación o recollido na sección 1ª do capítulo V do título I desta lei."

Emenda nº25, ao apartado 4, de Adición. Artigo 15

Débese engadir ao final do punto 4 do artigo 15 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...Esta adecuación debe ser compatible co establecido no artigo 42.7 e 42.8 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia."

Emenda nº26, ao apartado 3, de Adición. Artigo 17

Débese engadir ao final do punto 3 do artigo 17 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...dándose conta de tal ampliación ao concello."

Emenda nº27, ao apartado 1.b, de Supresión. Artigo 18

Débese suprimir na última liña da alínea b) do punto 1 do artigo 18 o seguinte contido:

Suprimir: "...e vinculante..."

Emenda nº28, ao apartado 1.b, de Adición. Artigo 18

Débese engadir ao final da alínea b) do punto 1 do artigo 18 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...No caso de que non se emita o informe no devandito prazo considerarase outorgado."



Emenda nº29, ao apartado 2, de Adición. Artigo 18

Débese engadir na última liña do punto 2 do artigo 18 o seguinte contido:

Despois de: "...expediente ao concello para...", engadir: "...a posible corrección das deficiencias detectadas ou para..."

Emenda nº30, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir no punto 2 o seguinte contido:

"...así como das modalidades de xestión, directa ou indirecta, que se determinen regulamentariamente."

Emenda nº31, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 20

Débese modificar no punto 2 do artigo 20 o seguinte contido:

Onde di: "...de propiedade do solo minorarase nun cincuenta por cento do seu valor,...", debe dicir: "...de propiedade do solo minorarase nun vinte e cinco por cento do seu valor,...".

Emenda nº32, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 20

Débese suprimir o segundo parágrafo do punto 2 do artigo 20.

Suprimir: "...Nestes casos, a administración actuante, baseándose en criterios motivados de dinámica económica, de falta de demanda de vivenda ou calquera outra que fundamente a dificultade da execución das actuacións ordenadas no ámbito, poderá rebaixar a porcentaxe de minoración do valor do solo sinalada anteriormente."

Emenda nº33, ao apartado 2, de Adición. Artigo 20

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 20 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...nin tampouco, no caso das comunidades de propietarios, as persoas propietarias se atopen na mesma situación."



Emenda nº34, ao apartado 3, de Adición. Artigo 20

Débese engadir no punto 3 do artigo 20 o seguinte contido:
Logo de: "...ou de expropiación forzosa...", engadir: "...tendo preferencia a primeira..."

Emenda nº35, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 20

Débese modificar no punto 4 do artigo 20 o seguinte contido:
Onde di: "...do edificio, así o acorden por unanimidade, poderán executar...", debe dicir: "...do edificio, así o acorden en consonancia co regulado na lexislación xeral do seu réxime comunitario, poderán executar..."

Emenda nº36, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 20

Débese engadir un novo punto no artigo 20, que quedará redactado co seguinte contido:
"4 bis. En calquera caso as persoas titulares ou no seu caso a administración actuante deberán previamente fixar o tempo das actuacións necesarias para a execución efectiva das actuacións previstas."

Emenda nº37, de Modificación. Artigo 21

Débese modificar no artigo 21 o seguinte contido:
Onde di: "...da edificación, cando así o acorden por unanimidade, terán dereito...", debe dicir: "...da edificación, cando así o acorden en consonancia co regulado na lexislación xeral do seu réxime comunitario, terán dereito..."

Emenda nº38, de Adición. Artigo 21

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 21, que quedará redactado co seguinte contido:





“O establecido anteriormente se entenderá sexa a rehabilitación de edificios integral ou parcial, así como da cualificación necesaria das vivendas en relación ao planeamento en vigor.”

Emenda nº39, de Supresión. Artigo 24

Débase suprimir na primeira liña do punto 3 do artigo 24 a seguinte expresión:
Suprimir: "...nas alíneas b), c) e d)..."

Emenda nº40, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 24

Débase engadir un novo punto no artigo 24, que quedará redactado co seguinte contido:
"3 *bis*. As disposicións deste capítulo non resultan contrarias á posibilidade de aplicación do artigo 120 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia relativas á actuación directa das administracións con competencias urbanísticas que poderán aprobar programas de edificación forzosa, nos que se delimiten áreas prioritarias para os efectos da edificación ou rehabilitación forzosa."

Emenda nº41, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 25

Débase modificar no punto 1 do artigo 25 o seguinte contido:
Onde di: "...nunha porcentaxe superior ao cincuenta por cento do seu valor, correspondendo...", debe dicir: "...nunha porcentaxe superior ao vinte e cinco por cento do seu valor, correspondendo..."

Emenda nº42, ao apartado 2, de Adición. Artigo 25

Débase engadir ao final do punto 2 do artigo 25 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...así como ás persoas propietarias que acrediten que pola súa situación económica, idade ou outras circunstancias non poidan afrontar os custos correspondentes desas actuacións."



Emenda nº43, ao apartado 6, de Adición. Artigo 26

Débese engadir na última liña do punto 6 do artigo 26 o seguinte contido:

Despois de: "con anterioridade á" engadir: "notificación da"

Emenda nº44, de Modificación. Artigo 32

Débese modificar no artigo 32 o seguinte contido:

Onde di: "...coa normativa básica estatal, sendo de aplicación o pagamento..." debe dicir: "...coa normativa básica estatal, podendo ser aplicable o pagamento..."

Emenda nº45, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir no punto 1 do artigo 36 a seguinte expresión:
Suprimir: "unha vez deducidos os gastos ocasionados"

Emenda nº46, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 36

Débese modificar no punto 1 do artigo 36 a seguinte expresión:
Onde di: "O concello, no prazo máximo de seis meses..." debe dicir: "A administración actuante, no prazo máximo de seis meses..."

Emenda nº47, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir no punto 2 do artigo 36 o seguinte contido:
Suprimir: "De quedar esta tamén deserta, convocarase unha nova poxa, no prazo de tres meses, cunha rebaixa do cincuenta por cento sobre o tipo de licitación inicial."

Emenda nº48, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 36





Débese modificar no punto 3 do artigo 36 o seguinte contido:
Onde di: "...para o patrimonio público de solo, ao cincuenta por cento do tipo de licitación inicial." debe dicir: "...para o patrimonio público de solo, ao setenta e cinco por cento do tipo de licitación inicial."

Emenda nº49, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 36

Débese modificar na primeira liña do punto 3 o seguinte contido:
Onde di: "...poxa tamén quedase deserta, o concello, no prazo de..." debe dicir: "...poxa tamén quedase deserta, a administración actuante, no prazo de..."

Emenda nº50, de Modificación. Artigo 37

Débese modificar no artigo 37 o seguinte contido:
Onde di: "...as obras no prazo de nove meses a partir da toma de posesión..." debe dicir: "...as obras no prazo de seis meses a partir da toma de posesión..."

Emenda nº51, de Adición. Artigo 37

Débese engadir ao final do artigo 37 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...levando a cabo a súa realización no tempo estipulado previamente."

Emenda nº52, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 41

Débese suprimir o punto 2 do artigo 41.

Emenda nº53, ao apartado 1, de Adición. Artigo 42

Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 42 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...no que respecta ao apartado anterior."



Emenda nº54, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 44

Débese modificar no punto 1 do artigo 44 o seguinte contido:
Onde di: "...cultural ou catalogados, exista ou non plan especial de protección, ou con independencia do disposto neste, poderán ser obxecto...", debe dicir: "...cultural ou catalogados, en consonancia co plan correspondente onde se integren, poderán ser obxecto..."

Emenda nº55, ao apartado 2, de Adición. Artigo 44

Débese engadir no punto 2 do artigo 44 a seguinte expresión:
Logo de: "...sempre que...", engadir: "...non supoñan un cambio de uso e..."

Emenda nº56, ao apartado 2, de Adición. Artigo 44

Engadir ao final do punto 2 do artigo 44 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...en consonancia cas determinacións definidas polo concello."

Emenda nº57, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 44

Débese engadir un novo punto no artigo 44, que quedará redactado co seguinte contido:
"3 *bis*. No caso das licenzas do concello que necesiten autorización da consellería competente en materia de protección de patrimonio cultural, aquel remitirá a documentación necesaria para o seu informe, que deberán ter en conta as medidas necesarias para a salvagarda dos bens de carácter territorial das categorías definidas na Lei do patrimonio cultural de Galicia, e que deberá ser emitido no prazo máximo de dous meses. Tras transcorrer o devandito prazo desde a data de entrada da solicitude de informe no órgano competente para a súa emisión, entenderase que este é favorable."



Emenda nº58, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 49

Débese modificar no punto 1 do artigo 49 o seguinte contido:
Onde di: "...se declarararán por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, por solicitude...", debe dicir: "...se declarararán por acordo do Consello da Xunta de Galicia, por solicitude...".

Emenda nº59, ao apartado 1.b, de Modificación. Artigo 50

Débese modificar na alínea b) do punto 1 do artigo 50 o seguinte contido:
Onde di: "...ámbito pertenza a concellos con menos de cinco mil habitantes e a súa configuración sexa predominantemente rural. Neste suposto, o ámbito...", debe dicir: "...ámbito pertenza a unha configuración que sexa predominantemente rural. Neste suposto, o ámbito...".

Emenda nº60, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 50

Débese modificar no punto 2 do artigo 50 o seguinte contido:
Onde di: "...do Instituto Galego da Vivenda e Solo, poderán modificarse os límites mínimos...", debe dicir: "do Instituto Galego da Vivenda e Solo, poderán rebaixarse os límites mínimos...".

Emenda nº61, ao apartado 2, de Adición. Artigo 50

Débese engadir na primeira liña do punto 2 do artigo 50 o seguinte contido:
Logo de: "...Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo...", engadir: "...e de acordo ao concello onde se asente a área de rehabilitación integral, que poderá promover tal modificación...".

Emenda nº62, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 51

Débese modificar no punto 1 do artigo 51 o seguinte contido:





Onde di: "...no que se atopen e baixo as directrices do Instituto Galego da Vivenda e Solo en canto...", debe dicir: "...no que se atopen en coordinación coas directrices do Instituto Galego da Vivenda e Solo en canto...".

Emenda nº63, de Supresión. Artigo 52

Débese suprimir no artigo 52 a seguinte expresión:
Suprimir: "...de oficio ou..."

Emenda nº64, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 53

Débese modificar no punto 1 do artigo 53 o seguinte contido:
Onde di: "...supramunicipais corresponderá directamente ao Instituto Galego da Vivenda e Solo por si mesmo...", debe dicir: "...supramunicipais poderá corresponder aos concellos afectados, logo dun acordo acadado entre eles, ou ao Instituto Galego da Vivenda e Solo por si mesmo...".

Emenda nº65, ao apartado 3, de Adición. Artigo 54

Débese engadir ao final do punto 3 do artigo 54 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...e logo da correspondente solicitude do concello correspondente."

Emenda nº66, ao apartado 1, de Adición. Artigo 55

Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 55 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...No caso de insuficiencia de recursos municipais, o Instituto Galego da Vivenda e Solo contribuirá cos medios necesarios á elaboración de tal proposta."

Emenda nº67, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 56

Débese suprimir no punto 1 do artigo 56 a seguinte expresión:





Suprimir: "...de oficio ou..."

Emenda nº68, ao apartado 1.e, de Modificación. Artigo 59

Débese modificar na alínea e) do punto 1 do artigo 59 o seguinte contido:

Onde di: "...deberá prever necesariamente achegas do concello que contribúan a financiar...", debe dicir: "...deberá prever achegas públicas que contribúan a financiar..."

Emenda nº69, ao apartado 1.e, de Supresión. Artigo 59

Débese suprimir na alínea e) do punto 1 do artigo 59 a seguinte expresión:

Suprimir: "...e poderán estar supeditados á resolución das oportunas convocatorias públicas."

Emenda nº70, ao apartado 1.e, de Adición. Artigo 59

Débese engadir na alínea e) do punto 1 do artigo 59 a seguinte expresión:

Logo de: "...persoas particulares...", engadir: "...ou entidades..."

Emenda nº71, ao apartado 1.f bis), de Adición. Artigo 59

Débese engadir unha nova alínea f no punto 1 do artigo 59 que quedará redactada co seguinte contido:

"f *bis*) Análise e valoración do impacto que por razón de impacto de xénero poidan conter as determinacións recollidas nos puntos anteriores."

Emenda nº72, ao apartado 1.a, de Adición. Artigo 60

Débese engadir ao final da alínea a) do punto 1 do artigo 60 o seguinte contido:





Engadir *in fine*: "...No caso de insuficiencia de recursos municipais, o Instituto Galego da Vivenda e Solo contribuirá cos medios necesarios á elaboración de tales proxectos."

Emenda nº73, ao apartado 1.b, de Modificación. Artigo 60

Débese modificar na alínea b) do punto 1 do artigo 60 o seguinte contido:

Onde di: "...sobre a visibilidade técnica ou a posibilidade de financiamento das actuacións...", debe dicir: "...sobre a visibilidade técnica e o financiamento das actuacións..."

Emenda nº74, ao apartado 1.c, de Supresión. Artigo 60

Débese suprimir na alínea c) do punto 1 do artigo 60 a seguinte expresión:

Suprimir: "...No caso de que non sexan realizadas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá ao arquivo do expediente."

Emenda nº75, de Adición. Artigo 61

Débese engadir no artigo 61 o seguinte parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Reglamentariamente establecerase que se entende por modificacións de carácter substancial ou revisións dos plans de dinamización, sempre que modifique a definición dos seus aspectos esenciais, elementos estruturais, modelo de planeamento ou modificación do ámbito territorial ou financiamento nunha porcentaxe superior ao vinte por cento da inicialmente existente."

Emenda nº76, ao apartado 2, de Adición. Artigo 64

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 64 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...O Instituto Galego de Vivenda e Solo poderá realizar as ofertas sobre estes inmobles que considere



oportunas, así como exercitar o dereito de retracto sobre tales inmuebles residenciais."

Emenda nº77, ao apartado 3, de Adición. Artigo 67

Débese engadir no punto 3 do artigo 67 a seguinte expresión:
No referente ao ámbito supramunicipal, logo de: "...e xestionada...", engadir: "...polos concellos afectados ou...".

Emenda nº78, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 67

Débese modificar no punto 3 do artigo 67 o seguinte contido:
Onde di: "...da colaboración dos concellos implicados.", debe dicir: "...da colaboración das administracións."

Emenda nº79, ao apartado 2, de Adición. Artigo 68

Débese engadir no punto 2 do artigo 68 a seguinte expresión:
Logo de: "...se acorde...", engadir: "...polas mesmas...".

Emenda nº80, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 70

Débese modificar no punto 2 do artigo 70 o seguinte contido:
Onde di: "2. Por unha orde da consellaría competente en materia de vivenda poderanse determinar os estándares mínimos..." debe dicir: "2. Por Decreto da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de vivenda e de acordo aos concellos nos que quedarán adscritos, determinaranse os estándares mínimos...".

Emenda nº81, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 72

Débese modificar no punto 1 do artigo 72 o seguinte contido:
Onde di: "...Por un convenio entre o concello e o Instituto Galego da Vivenda e Solo precisaranse os obxectivos, o financiamento...", debe dicir: "...Para posibilitar os obxectivos fixados polos centros Rexurbe, se realizarán contratos –



programa de carácter supra- anual de duración suficiente entre o concello e o Instituto Galego de Vivenda e Solo que precisarán os obxectivos, o financiamento...".

Emenda nº82, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 73

Débese modificar no punto 1 do artigo 73 o seguinte contido:
Onde di: "...financiará os centros de rexeneración urbana de interese autonómico ata o sesenta por cento dos gastos de persoal...", debe dicir: "...financiará os centros de rexeneración urbana de interese autonómico cun mínimo do sesenta por cento dos gastos de persoal...".

Emenda nº83, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 73

Débese modificar no punto 1 do artigo 73 o seguinte contido:
Onde di: "...unha cantidade igual, como máximo, do dez por cento da cantidade...", debe dicir: "...unha cantidade igual, como mínimo, do dez por cento da cantidade...".

Emenda nº84, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 73

Débese suprimir no punto 1 do artigo 73 o seguinte contido:
Suprimir: "...Este financiamento realizarase sempre nas condicións e cos límites establecidos, se é o caso, na normativa prevista no artigo 70...".

Emenda nº85, ao apartado 1, de Adición. Artigo 74

Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 74 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...nas condicións e límites establecidos no Decreto normativo previsto no artigo 70."

Emenda nº86, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 76





Débese modificar no punto 2 do artigo 76 o seguinte contido:
Onde di: "...por unha persoa representante da Administración autonómica.", debe dicir: "...por unha persoa representante da Administración a que quede adscrito o centro Rexurbe."

Emenda nº87, ao apartado 2, de Adición. Artigo 76

Débese engadir no punto 2 do artigo 76 a seguinte expresión:
Logo de: "...administración implicada...", débese engadir: "...nas áreas correspondentes a concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, e dun mínimo de tres persoas representantes para o resto..."

Emenda nº88, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 76

Débese engadir un novo punto 3 no artigo 76, que quedará redactado co seguinte contido:
"3 bis. Na designación das persoas representantes das comisións de seguimento respectarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes."

Emenda nº89, ao apartado 1.f, de Modificación. Artigo 77

Débese modificar no apartado 2º da alínea f) do punto 1 do artigo 77 o seguinte contido:
Onde di: "...Auditoría anual para comprobar total ou parcialmente..." debe dicir: "...Memoria e Auditoría anual para comprobar total ou parcialmente..."

Emenda nº90, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 77

Débese engadir un novo punto no artigo 77, que quedará redactado co seguinte contido:
"1 bis. Os informes sinalados na alínea f) anterior serán públicos e estarán a disposición na páxina web correspondente."



Emenda nº91, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 78

Débese modificar no punto 2 do artigo 78 o seguinte contido:
Onde di: "...das persoas propietarias dos inmobles que superen o límite do deber de conservación e estean incluídos nun ámbito previamente delimitado.", debe dicir: "...das persoas propietarias dos inmobles obxecto desta lei."

Emenda nº92, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 78

Débese suprimir no punto 3 do artigo 78 o seguinte contido:
Suprimir: "...e sempre que a normativa reguladora desas axudas non estableza a incompatibilidade."

Emenda nº93, ao apartado 2, de Adición. Artigo 80

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 80 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...así como posibilitando unhas mellores condicións crediticias ca oportunidade de incorporar a subvención de xuros por parte da Administración autonómica."

Emenda nº94, de Adición. Artigo 81

Débese engadir ao final do artigo 81 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...En todo caso o financiamento para estas actuacións por parte da Xunta de Galicia será superior ao establecido con carácter xeral nos programas existentes, podendo achegarse ao cen por cento e gozando de acceso prioritario aos fondos establecidos."

Emenda nº95, de Supresión. Artigo 82

Débese suprimir na denominación do artigo a seguinte expresión:
Suprimir: "...en concellos de menos de cincuenta mil habitantes."



Emenda nº96, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 82

Débese suprimir no punto 1 do artigo 82 o seguinte contido:
Suprimir: "...con poboación inferior a cincuenta mil habitantes."

Emenda nº97, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 82

Débese suprimir no punto 2 do artigo 82 a seguinte expresión:
Suprimir: "...que reúnan o requisito de poboación sinalado no punto 1..."

Emenda nº98, ao apartado 2, de Adición. Artigo 82

Débese engadir no punto 2 no artigo 82 o seguinte contido:
Logo de: "...préstamo..." engadir: "...sen xuros..."

Emenda nº99, ao apartado 3, de Adición. Artigo 82

Débese engadir ao final do punto 3 do artigo 82 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...e que será publicado para o seu coñecemento público no *Diario Oficial de Galicia*."

Emenda nº100, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 4 do artigo 83.

Emenda nº101, ao apartado 2.j, de Adición. Artigo 84

Débese engadir ao final da alínea j) do punto 2 do artigo 84 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...ben a iniciativa propia ou a proposta dun concello."



Emenda nº102, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 85

Débese suprimir o punto 3 do artigo 85.

Emenda nº103, ao apartado 3, de Adición. Artigo 86

Débese engadir ao final do punto 3 do artigo 86 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...preferentemente en réxime de aluguer."

Emenda nº104, ao apartado 2, de Adición. Artigo 87

Débese engadir no punto 2 do artigo 87 a seguinte expresión:
Logo de: "...prezos taxados...", engadir: "...ou a adquisición polo Instituto Galego da Vivenda e Solo..."

Emenda nº105, de Modificación. Artigo 88

Débese modificar no artigo 88 o seguinte contido:
Onde di: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá establecer axudas...", debe dicir: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo establecerá axudas..."

Emenda nº106, de Modificación. Artigo 88

Débese modificar no artigo 88 o seguinte contido:
Onde di: "...para a adquisición ou o alugamento de vivendas...", debe dicir: "...para a adquisición ou preferentemente alugamento de vivendas..."

Emenda nº107, de Adición. Artigo 88

Débese engadir ao final do artigo 88 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...especialmente para o colectivo da mocidade."



Emenda nº108, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 89

Débese modificar no punto 1 do artigo 89 o seguinte contido:
Onde di: "...o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá aprobar programas de axudas...", debe dicir: "...o Instituto Galego da Vivenda e Solo aprobará programas de axudas...".

Emenda nº109, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 90

Débese modificar no punto 1 do artigo 90 o seguinte contido:
Onde di: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá aprobar programas...", debe dicir: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo aprobará programas...".

Emenda nº110, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 92

Débese modificar no punto 1 do artigo 92 o seguinte contido:
Onde di: "...especial atención ao impulso da iniciativa empresarial, o apoio a persoas...", debe dicir: "...especial atención ao impulso das iniciativas sociais ou empresariais, o apoio a persoas...".

Emenda nº111, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 92

Débese modificar no punto 2 do artigo 92 o seguinte contido:
Onde di: "...consideración terán aquelas iniciativas empresariais en que se acredite a contratación...", debe dicir: "...consideración terán aquelas iniciativas sociais ou empresariais en que se acredite a contratación...".

Emenda nº112, de Modificación. Artigo 92

Débese modificar o título do artigo 92, que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 92. Xestión de locais do Instituto Galego da Vivenda e Solo"



Emenda nº113, de Adición. Artigo 95

Débese engadir ao final do artigo 95 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...que con tal obxecto a Comunidade Autónoma establecerá."

Emenda nº114, de Adición. Artigo 96 bis. Bonificacións fiscais autonómicas

Débese engadir un novo artigo 96 que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 96 *bis*. Bonificacións fiscais autonómicas
A Administración autonómica, con suxeición á súa normativa reguladora, poderá establecer bonificacións fiscais específicas para fomentar as actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas previstas nesta lei."

Emenda nº115, ao apartado 1, de Adición. Artigo 97

Débese engadir no punto 1 do artigo 97 a seguinte expresión:
Logo de: "...de préstamos...", engadir: "...sen xuros..."

Emenda nº116, ao apartado 3, de Adición. Artigo 97

Débese engadir ao final do punto 3 do artigo 97 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...e que será publicado para o seu coñecemento público no *Diario Oficial de Galicia*."

Emenda nº117, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 98

Débese suprimir o punto 4 do artigo 98.

Emenda nº118, de Supresión. Artigo 99





Débese suprimir o artigo 99.

Emenda nº119, de Supresión. Artigo 100

Débese suprimir o artigo 100.

Emenda nº120, de Supresión. Artigo 101

Débese suprimir o artigo 101.

Emenda nº121, de Supresión. Artigo 102

Débese suprimir o artigo 102.

Emenda nº122, de Supresión. Artigo 103

Débese suprimir o artigo 103.

Emenda nº123, de Supresión. Artigo 104

Débese suprimir o artigo 104.

Emenda nº124, de Supresión. Artigo 105

Débese suprimir o artigo 105.

Emenda nº125, de Supresión. Artigo 106

Débese suprimir o artigo 106.

Emenda nº126, de Supresión. Artigo 107



Débese suprimir o artigo 107.

Emenda nº127, de Supresión. Artigo 108

Débese suprimir o artigo 108.

Emenda nº128, de Supresión. Artigo 109

Débese suprimir o artigo 109.

Emenda nº129, de Supresión. Artigo 110

Débese suprimir o artigo 110.

Emenda nº130, de Adición. Artigo 110

No caso de non aceptar a emenda de supresión anterior, débese engadir un novo parágrafo no artigo 110, que quedará redactado co seguinte contido:

"Igualmente estarán exentas as persoas propietarias que acrediten que pola súa situación económica, idade ou outras circunstancias non poidan afrontar os custos da rehabilitación ou substitución das edificacións."

Emenda nº131, de Supresión. Artigo 111

Débese suprimir o artigo 111.

Emenda nº132, de Supresión. Artigo 112

Débese suprimir o artigo 112.





Emenda nº133, de Supresión. Artigo 113

Débese suprimir o artigo 113.

Emenda nº134, de Supresión. Artigo 114

Débese suprimir o artigo 114.

Emenda nº135, de Supresión. Artigo 115

Débese suprimir o artigo 115.

Emenda nº136, de Supresión. Artigo 116

Débese suprimir o artigo 116.

Emenda nº137, de Supresión. Artigo 117

Débese suprimir o artigo 117.

Emenda nº138, de Supresión. Artigo 118

Débese suprimir o artigo 118.

Emenda nº139, de Supresión. Artigo 119

Débese suprimir o artigo 119.

Emenda nº140, de Supresión. Artigo 120

Débese suprimir o artigo 120.





Emenda nº141, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 121

Débese engadir un novo punto no artigo 121, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 *bis*. A Xunta de Galicia elaborará anualmente un informe ao respecto das actuacións levadas a cabo de apoio á recuperación de aldeas en estado de abandono, así como das actuacións que prevé realizar para o exercicio seguinte, que fará público e remitirá para o seu análise ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº142, de Adición. Artigo 121 bis. Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono

Débese engadir un novo artigo 121, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 121 *bis*. Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono

1. O Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono (en diante, fondo) é un fondo sen personalidade xurídica propia, para a xestión do instrumento financeiro de préstamo aos concellos.

2. Poderán acollerse ao financiamento do fondo os concellos, co obxecto de financiar, mediante préstamo sen xuro concedido por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, as actuacións recollidas no artigo 121.

3. O fondo dotarase co importe que, previa autorización pola consellería competente en materia de Facenda, se estableza por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

4. O devandito fondo será xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e contará cunha contabilidade separada da do ente instrumental, coa que presentará os seus estados orzamentarios e contables de xeito consolidado.

5. Os recursos asignados ao fondo e os seus rendementos deberán estar vinculados a unha conta operativa propia e separada das do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

6. Mediante orde da consellería competente en materia de Facenda desenvolverase a súa operativa orzamentaria-contable e de rendición de contas. En todo caso estará





sometido ao réxime de auditoría, control e rendición de contas que lle resulte aplicable ao Instituto Galego da Vivenda e Solo."

Emenda nº143, de Adición. Artigo 121 ter. Disposición e funcionamento do Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono

Débese engadir un novo artigo 121 que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 121 *ter*. Disposición e funcionamento do Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono

1. A dotación inicial procederá dos depósitos procedentes das fianzas de arrendamento co importe máximo que estableza a Resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo á que se refire o artigo anterior.

2. As devolucións efectuadas polos concellos pasarán novamente a formar parte do fondo para que poida ser reutilizado en novas disposicións por parte dos concellos.

3. Tendo en conta a procedencia e afectación das cantidades que dotan o fondo de cooperación, os concellos non poderán compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico."

Emenda nº144, de Adición. Disposición adicional primeira bis. Sistema de información urbana e demais información ao servizo das políticas públicas para un medio urbano sostible

Débese engadir unha nova disposición adicional primeira, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional primeira bis. Sistema de información urbana e demais información ao servizo das políticas públicas para un medio urbano sostible

1. Co obxecto de promover a transparencia e de asegurar a obtención, actualización permanente e explotación da información necesaria para o desenvolvemento das políticas e





accións que lle competan, a Xunta de Galicia en colaboración cos concellos galegos, creará o Observatorio da Vulnerabilidade Urbana, que definirá e promoverá a aplicación daqueles criterios e principios básicos que possibiliten, dende a coordinación e o complemento das administracións competentes na materia, a formación e actualización permanente dun sistema público xeral e integrado de información sobre solo, urbanismo e edificación, comprensivo, ao menos, dos seguintes instrumentos:

- a) Censos de construcións, edificios, vivendas e locais precisados de mellora ou rehabilitación.
- b) Mapas de ámbitos urbanos deteriorados, obsoletos, desfavorecidos ou en dificultades, precisados de rexeneración e renovación urbanas, ou de actuacións de rehabilitación edificatoria.
- c) Un sistema público xeral e integrado de información sobre solo e urbanismo, a través do cal a cidadanía terá dereito a obter por medios electrónicos toda a información urbanística proveniente das distintas administracións, respecto á ordenación do territorio levada a cabo polas mesmas.

2. Se procurará igualmente a compatibilidade e coordinación do sistema público de información referido no apartado anterior co resto de sistemas de información e, en particular, co Catastro Inmobiliario.

3. Igualmente se poderán integrar ditos sistemas en colaboración co Observatorio da Vulnerabilidade Urbana e ca distinta información que o mesmo contén."

Emenda nº145, de Adición. Disposición adicional primeira ter.
Deducións autonómicas no IRPF

Débase engadir unha nova disposición adicional primeira, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional primeira *ter*. Deducións autonómicas no IRPF

A dedución autonómica no IRPF prevista no punto 14 do artigo 5 do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, referido á rehabilitación de bens inmoebles situados en centros históricos, se entenderá de aplicación para o conxunto de actuacións obxecto desta lei, incluíndo as de apoio á recuperación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono. Ao efecto as consellerías competentes



en materia de vivenda e de facenda, elaborarán as medidas necesarias para que tal dedución sexa efectiva para ao exercicio do 2019."

Emenda nº146, de Adición. Disposición adicional primeira quater. Dereito de aloxamento e de retorno

Débase engadir unha nova disposición adicional primeira que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional primeira *quater*. Dereito de aloxamento e de retorno

1. Na execución das actuacións de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana previstas neste lei, que requiran o desaloxo das persoas ocupantes legais de inmobles que constitúan a súa residencia habitual, se deberán garantir o seu dereito de aloxamento e retorno, conforme ao previsto na lexislación do Estado.

2. A obriga de facer efectivos os dereitos regulados nesta disposición corresponden:

a) En actuacións de expropiación, á administración que expropie ou, no seu caso, á persoa beneficiaria da expropiación.

b) Nas actuacións sen expropiación, á persoa ou entidade que ostente a condición de axente que urbanice respecto das persoas ocupantes en réxime de propiedade, e ás persoas que ostenten a propiedade, respecto das ocupantes en réxime de arrendamento."

Emenda nº147, de Adición. Disposición adicional segunda

Débase engadir na disposición adicional segunda a seguinte expresión:

Logo de: "...materia de vivenda...", engadir: "...por solicitude ou acordo co concello implicado...".

Emenda nº148, de Adición. Disposición adicional segunda bis

Débase engadir unha nova disposición adicional segunda, que quedará redactada co seguinte contido:





"Disposición adicional segunda *bis*. Perspectiva de xénero
Con independencia do aspecto puntual regulado no artigo 92.2
ao respecto da xestión de locais polo Instituto Galego da
Vivenda e Solo, nas medidas e axudas que se contempla nesta
lei, terase en conta a perspectiva de xénero tal que no
conxunto de programas e subvencións relacionadas coa
mesma, terán unha consideración singular aquelas que
garantan a conciliación da vida familiar e laboral, o fomento do
emprego feminino, a inserción laboral das mulleres, así como
a especial atención ás vítimas de violencia de xénero, ao
tempo que unha ponderación especial nas axudas que se
faciliten para o acceso na rehabilitación edificatoria ou no
acceso ás vivendas de promoción pública acadadas."

Emenda nº149, de Modificación. Disposición transitoria primeira

Débese modificar o título da disposición transitoria primeira,
que quedará redactada co seguinte contido:
"Establecemento propio dos catálogos de protección"

Emenda nº150, de Modificación. Disposición transitoria primeira

Débese modificar na disposición transitoria primeira o seguinte
contido:
Onde di: "...homoxeneización dos niveis de protección
realizárase mediante...", debe dicir: "...o establecemento propio
dos niveis de protección poderá realizarse mediante..."

Emenda nº151, de Adición. Disposición transitoria primeira bis

Débese engadir unha nova disposición transitoria primeira, que
quedará redactada co seguinte contido:
"Disposición transitoria primeira *bis*. Período de adaptación
En relación ao establecido en relación aos ámbitos afectados
regulados no artigo 40 desta lei, os concellos que contén con
plans especiais de protección vixentes que non se adapten as
directrices recollidas nesta lei, regulamentariamente se
establecerá o período máximo para proceder a súa
adaptación."



Emenda nº152, de Adición. Disposición transitoria terceira bis

Débase engadir unha nova disposición transitoria terceira que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición transitoria terceira *bis*

As axudas previstas no artigo 78 deste lei, deberán canto menos nos próximos oito anos, ter unha contía gradualmente máis elevada, sen que a porcentaxe de incremento anual para este período poda ser inferior ao 12,5 por cento, ao tempo que xestionarase con eficacia para o efectivo cumprimento do gasto inicialmente consignado. Con tal fin a Xunta de Galicia realizara anualmente e remitirá ao Parlamento de Galicia para o seu control, unha Memoria na que se indique as principais características e contías dos diversos programas de axudas establecidas ao respecto do obxecto desta lei."

Emenda nº153, de Modificación. Disposición transitoria cuarta

Débase modificar na disposición transitoria cuarta o seguinte contido:

Onde di: "...a súa vixencia, o Consorcio do Casco Vello de Vigo poderá asumir, no seu ámbito de actuación, as funcións dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico, para o que...", debe dicir: "...a súa vixencia, o Consorcio do Casco Vello de Vigo poderá asumir, no seu ámbito de aplicación, as funcións dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico, para o que...".

Emenda nº154, de Adición. Disposición derogatoria

Débase engadir un novo parágrafo na disposición derogatoria, que quedará redactada co seguinte contido:

"En todo caso continuará vixente na súa totalidade a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, agás os cambios establecidos no artigo 44 e na disposición derradeira segunda desta lei."

Emenda nº155, de Supresión. Disposición derradeira terceira





Débase suprimir o punto dous da disposición derradeira terceira.

Emenda nº156, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débase suprimir o punto tres da disposición derradeira terceira.

Emenda nº157, de Adición. Disposición derradeira terceira bis.

Débase engadir unha nova disposición derradeira terceira, que quedará redactada co seguinte contido:

"O exercicio das potestades sobre o procedemento para a declaración do incumprimento das obrigas relativas á edificación, conservación e rehabilitación que recolle esta lei, poderán ser delegadas polos concellos integrados na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística nesta, incluído o exercicio da potestade sancionadora."

Emenda nº158, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débase suprimir a disposición derradeira cuarta.

Emenda nº159, de Modificación. Disposición derradeira cuarta

No caso de non ser aceptada a emenda de supresión anterior, débese modificar na disposición derradeira cuarta o seguinte contido:

Onde di: "...poderá modificar calquera elemento do canon de inmobles...", debe dicir: "...poderá modificar o tipo de gravame do canon de inmobles...".

Emenda nº160, de Adición. Disposición derradeira quinta

Débase engadir na disposición derradeira quinta o seguinte contido:

Logo de: "...regulamentariamente...", engadir: "...no prazo máximo de cinco meses...".



Emenda nº161, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir na disposición derradeira quinta o seguinte contido:

Suprimir: "...autorízase a consellaría competente en materia de facenda para aprobar as disposicións que sexan precisas para a aplicación do canon de inmobles en estado de abandono."

Emenda nº162, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir na disposición derradeira sexta o seguinte contido:

Suprimir: "...e o canon de inmobles en estado de abandono comezará a exixirse desde o 1 de xaneiro de 2020."

Emenda nº163, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar no IV epígrafe, segundo parágrafo da exposición de motivos o seguinte contido:

Onde di: "...serán declaradas pola Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, logo dos informes...", debe dicir: "...serán declaradas pola Xunta de Galicia, logo dos informes...".

Emenda nº164, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no V epígrafe da exposición de motivos un novo parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Para acadar o correcto funcionamento e coordinación das administracións locais e autonómica no cumprimento dos obxectivos recollidos nesta lei, é importante dotalos dun mecanismo que dea seguridade e contemple un financiamento suficiente de xeito plurianual, para o cal se introduce a figura do contrato – programa."



Emenda nº165, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no VI epígrafe da exposición de motivos o último parágrafo:

Suprimir: "...Merece especial atención o canon de inmobles declarados en estado de abandono que se crea nesta lei como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, con natureza de imposto, de carácter real e finalidade extrafiscal, que somete a gravame os inmobles declarados en estado de abandono nos ámbitos en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico. Este tributo nace coa finalidade de impulsar as actuacións de rehabilitación nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico e evitar o estado de abandono das edificacións existentes nestas áreas, co que se reduce, consecuentemente, o número de inmobles en estado de abandono. Os ingresos efectivamente obtidos pola recadación deste tributo, deducidos os custos de xestión, destinaranse a financiar as actuacións e as medidas de dinamización e mais a protección da área de rexeneración urbana de interese autonómico en que se recaden. Esta afección nace da finalidade mesma do canon, de xeito que as persoas propietarias incumplidoras contribúan efectivamente á recuperación, ao impulso e á dinamización da área Rexurbe, que, non debe esquecerse, é unha área de interese autonómico."

Emenda nº166, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no VII epígrafe da exposición de motivos no último parágrafo o seguinte contido:

Suprimir: "...A disposición final cuarta habilita a lei de orzamentos para modificar calquera elemento do canon de inmobles declarados en estado de abandono. E na entrada en vigor da lei prevese expresamente que o dito canon se comezará a exixir desde o 1 de xaneiro de 2020."

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 17:54:56
Nº Registro: 47017
Data envío: 27/02/2019 17:54:56.712

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2019
17:53:46**



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

